



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE
IES As Mariñas



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



IES As Mariñas

Programación Didáctica

Inglés

Departamento de Inglés

Curso 2023-24

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN e contextualización	4
1.1. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	4
1.2. AS COMPETENCIAS CLAVES INTEGRADAS.....	6
1.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E SITUACIÓN SOCIO-CULTURAL	6
1.4. GRUPOS DE ALUMNADO COA MATERIA DE INGLÉS NO CURRÍCULO	7
1.5. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO.....	8
2. METODOLOXÍA	8
3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	14
3.1. MATERIAIS CURRICULARES	14
3.2. OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS.....	15
3.3. AUXILIARES DE CONVERSA	16
4. OBXECTIVOS	16
4.1. ESO.....	16
4.2. BACHARELATO.....	17
5. AS COMPETENCIAS CLAVE	18
5.1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	18
6. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	22
6.1. PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN	22
6.1.1. Ao principio de cada curso realizarase unha avaliación inicial ou diagnóstica, especificada máis adiante, para coñecer o nivel real de cada alumno nas distintas destrezas.	22
6.1.2. O procedemento de avaliación desenvolverase mediante :	22
6.1.3. Todos os alumnos deberán amosar interese pola materia de inglés durante todo o curso, sendo motivo de <i>avaliación negativa</i> os seguintes casos:	24
6.1.4. Procedemento para obter a nota media final na convocatoria de xuño	24
6.1.5. Convocatoria Extraordinaria de Xuño (BACHARELATO e FP BÁSICA).....	25
6.2. INSTRUMENTOS DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	26
7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	32
8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	33
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	34
Medidas ordinarias e extraordinarias.....	35
10. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS	35
11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS	36
11.1. PLAN LECTOR	36

11.2.	AS TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN	37
11.3.	PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES	39
11.4.	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	39
12.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	40
13.	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	40
14.	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	44
15.	EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA ADULTOS	46
15.1.	CONTIDOS ESA I, II	46
15.2.	CONTIDOS ESA III, IV	49
15.3.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	53
15.4.	MÍNIMOS ESIXÍBEIS	61
16.	CUALE B1.....	65

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A finalidade desta programación é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola lei educativa, centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística, e facendo especial énfase nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe, recollidos tamén pola lei. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC traballaránse intensamente ó longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Esta programación ten en conta cambios tan significativos e evidentes coma a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa, elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe, atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Así mesmo preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións, impulsando actitudes positivas cara ó idioma e á cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ó novo e á creatividade, participando de maneira activa e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Pola súa parte, o alumnado debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo o centro e a razón de ser da educación.

A lingua é o instrumento por excelencia da aprendizaxe e a comunicación. Tanto as linguas primeiras como as linguas estranxeiras forman parte na actualidade, e cada vez farano máis no futuro, da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que, á vez, as relacións entre individuos, países, organismos e corporacións fanse máis frecuentes e máis estreitas. Na medida en que esa bagaxe comprende diversos coñecementos, destrezas e actitudes en diversas linguas, é dicir un perfil plurilingüe e intercultural, o individuo está mellor preparado para integrarse e participar nunha variedade de contextos e de situacións que supoñen un estímulo para o seu desenvolvemento, e mellores oportunidades, nos ámbitos persoal, público, educativo ou académico, ocupacional e profesional.

En contextos e situacións de comunicación real, a lingua utilízase para realizar ou acompañar accións con diversos propósitos, polo que o currículo básico incorpora o enfoque orientado á

acción recollido no “Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas” e describe, en termos de actuación e tomando este Marco como base da devandita descrición, o que os estudantes deberán ser capaces de facer no idioma estranxeiro en diversos contextos comunicativos reais nos que, dada a súa idade e as súas características dependendo das distintas etapas educativas, terán oportunidade de actuar. As actividades de recepción, produción e interacción orais e escritas que conforman os Estándares de aprendizaxe avaliábeis no currículo básico integran tanto as diversas competencias comunicativas específicas, cuxa activación conxunta permite a realización desas actividades, como as competencias básicas xerais correspondentes a cada etapa.

O currículo estará integrado polos **obxectivos** de cada ensino e etapa educativa; as **competencias**, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos, os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa e á adquisición de competencias; a **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes; os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis**; e os **criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa. Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función dos ensinos, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

- a) **Currículo:** regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinos e etapas educativas.
- b) **Obxectivos:** referentes relativos aos logros que o alumno debe alcanzar ao finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas a tal fin.
- c) **Competencias:** capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- d) **Contidos:** conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función dos ensinos, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.
- e) **Estándares de aprendizaxe avaliábeis:** especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada materia; deben ser observables, medibles e avaliábeis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. O seu deseño debe contribuír e facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- f) **Criterios de avaliación:** son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada materia.

- g) **Metodoloxía didáctica:** conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos expostos.

1.2. AS COMPETENCIAS CLAVES INTEGRADAS

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que sabe aplicalo, pero ademais que sabe ser e estar. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

Esta programación recolle e integra os diferentes elementos curriculares -obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

1.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E SITUACIÓN SOCIO-CULTURAL

O IES As Mariñas está situado no concello de Betanzos. Betanzos é unha vila á metade de camiño entre as cidades de A Coruña e Ferrol. É unha comarca adicada basicamente a servicios, ao ser un centro administrativo e xurídico. É unha localidade moi dinámica que conta cunha poboación duns 13.000 habitantes, Aínda que, como xa dixemos, o centro se sitúa nunha comarca moi próxima a unha cidade, moitos alumnos do centro proceden do entorno rural, sendo moi importante o número de alumnos que se desprazan en autocar.

Na actualidade o Centro acolle alumnos e alumnas procedentes, principalmente, dos Concellos de Oza-Cesuras, Betanzos, Paderne, Irixoa, Abegondo, Bergondo, Monfero e Miño .

A procedencia deste alumnado é diversa: medio urbano con alumnado do medio rural. Tamén coexisten no Centro outras culturas minoritarias formadas principalmente pola etnia xitana e inmigrantes latinoamericanos.

O Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC), segundo os datos da última Avaliación de Diagnóstico, sitúa ao noso centro nun nivel "medio-baixo".

Unha consecuencia do antedito son as dificultades dunha parte do alumnado para acadar os niveis mínimos de coñecementos axeitados ó curso no que se atopan. Estas circunstancias conviven coa presenza de alumnado moi motivado e capaz para acadar con éxito, nalgún casos elevado, os obxectivos destas etapas educativas. Isto vai ser tido en conta á hora de que os alumnos teñan que recorrer ás clases por videoconferencia o semi-presenciais, pois moitos deles, sobre todo no primeiro ciclo, non conta con conexión a Internet, ou cun ordenador axeitado ás súas necesidades educativas. Así mesmo, en determinadas áreas do ámbito rural, a cobertura de Internet non é a suficiente.

1.4. GRUPOS DE ALUMNADO COA MATERIA DE INGLÉS NO CURRÍCULO

A materia de Lingua inglesa ofértase nos seguintes grupos:

- 3 grupos de 1º ESO(1 grupo de Reforzo)
- 3 grupos de 2º ESO (1 grupo de Reforzo)
- 3 grupos de 3º ESO(1 grupo de PDC)
- 2 grupos de 4º ESO
- 3 grupos de 1º BAC
- 3 grupos de 2º BAC

- 1 ciclo superior de Administración e Finanzas
- 1 ciclo medio de Xestión Administrativa
- 1 ciclo medio Dual de Electricidade.
- 4 grupos de FP básica (Administrativo e Automoción)

- 2 grupos de ESA (1 de 1-2, 1 de 3-4)

- 2 grupos de BAC adultos (1º e 2º)

- 1 grupo CUALE B1

En canto á lingua estranxeira, todo o alumnado cursa inglés como primeira lingua estranxeira. Sendo esta unha lingua de distinta procedencia que o galego e o castelán, e por tanto tan diferente, esta situación resulta especialmente problemática para o alumnado con NEE ou AC, que non atopa no seu entorno, nos seus coñecementos previos ou nos seus intereses nada que o vincule ao inglés para poder aprender e avanzar.

En 3º ESO hai unha sección bilingüe de Bioloxía , o que permite que o centro dispoña dun Auxiliar de conversa, a compartir co IES Francisco Aguiar .

1.5. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO

Pilar Calvo Adega <i>(Xefa de Departamento)</i>	ESA 1-2 (1 grupo) ESA 3-4 (1 grupo) 1º BACH Adultos..... (1 grupo) 2º BACH Adultos (1 grupo) Ciclo Superior Adm..... (1 grupo)
Elena Lagoa Freire	1º BACH (3 grupos) 2º ESO (2 grupos) 1º ESO Agrupamento (1 grupo)
Nuria Bello Piñón	3º ESO. (2 grupos) 2º BAC (3 grupos) 2º ESO Reforzo..... (1 grupo)
Sara Viqueira Turnes	3º ESO PDC..... (1 grupo) 1º FP Básica..... (2 grupos) 2º FP Básica (2 grupos) Ciclo Medio Adm..... (1 grupo) 1º ESO Exentos de Francés.... (1 grupo)
Amelia Huzum	Ciclo Medio Dual Electricidad... 1 grupo CUALE B1 1 grupo 4º ESO 2 grupos 1º ESO..... 2 grupos Prox. Interdisciplinar 1º ESO... 1 grupo
<i>(Auxiliar de conversa)</i>	

2. METODOLOXÍA

Tal como se establece no enfoque metodolóxico adoptado polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, a metodoloxía estará baseada na acción, na actividade social, no uso da lingua. Neste enfoque, os contidos introduciranse en función das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación.

O factor decisivo na realización da aprendizaxe escolar é a actividade construtiva do alumno. O alumno é quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento construíndo a súa propia aprendizaxe. Neste proceso, o profesor actúa como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes significativas. O profesor proporcionará oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos a fin de que o alumno comprobe o interese e a utilidade do aprendido e así consolidar aprendizaxes que transcenden o contexto onde se produciron.

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de

fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso debemos traballar con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Sempre debe existir un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

Consideramos o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríranse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrír as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Temos en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do

Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente: non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirllle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

Como consecuencia, a aprendizaxe das distintas linguas debe tratarse de xeito integrado, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa. Para levar a cabo isto os departamentos das distintas linguas elaboraron un plan de acción co obxectivo de que as programacións das distintas linguas teñan un **currículo integrado**. Isto conleva unha carga de traballo e tempo así como moita coordinación entre os departamentos de linguas, polo que é un plan de acción en proceso.

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e retroaliméntase o proceso.

Os métodos didácticos han de elixirse en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes nos que ten lugar o ensino.

Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a **motivación** cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a **participación e implicación** do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiros.

As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe **cooperativa**, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.

Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as **estratexias interactivas** son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.

O **traballo por proxectos** axuda ao alumnado para organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun

proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

Así mesmo, resulta recomendable o uso do **portfolio**, que achega información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á **diversidade na aula**, considerando especialmente a integración das **Tecnoloxías da Información e a Comunicación** no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Finalmente, é necesaria unha adecuada **coordinación entre os docentes** sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen.

En referencia á Bacharelato, seguindo as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia (MCER), o alumno/a é animado a organizar e expresar as súas propias ideas, experiencias e opinións a través de tarefas de expresión escrita e oral e a avaliar as súas propias habilidades lingüísticas, segundo as vaia traballando ao longo do libro. Un alumno/a que remate Bacharelato será competente na maior parte de capacidades lingüísticas expresadas no nivel B1+, é dicir, un usuario independente que:

- é capaz de entender as ideas principais de textos complexos que traten de temas, tanto concretos coma abstractos, mesmo se son de carácter técnico, sempre que estean dentro do seu campo de especialización;
- pode relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade, de modo que a comunicación se realice sen esforzo por parte dos interlocutores;
- pode producir textos claros e detallados sobre temas diversos, así como defender un punto de vista sobre temas xerais, indicando os pros e os contras das distintas opcións.

No que se refire á comprensión de mensaxes orais e escritas, o alumnado debe ser capaz de comprender a información transmitida polo seu interlocutor/a, independentemente do acento que este teña.

No caso das emisións transmitidas por medios de comunicación ou reprodución mecánica, preténdese que comprendan a información global e a específica das mensaxes, que interpreten algunhas das ideas principais transmitidas nas mesmas e sexan capaces de realizar certos tipos de abstracción dentro do campo de interese xeral do alumno/a.

Os niveis de comprensión van graduados desde as habilidades comunicativas receptivas máis básicas, como son recoñecer ou identificar determinados elementos e información, até a inferencia, é dicir, a interpretación de opinións e a identificación da funcionalidade dun texto, pasando pola interpretación de significados apoiándose en claves non lingüísticas, no contexto, etc. Preténdese desenvolver unha actitude crítica ante a información transmitida nestas mensaxes.

A secuenciación das habilidades comunicativas receptivas non supón que demos por feito que o alumnado non as adquirise na Educación Secundaria Obrigatoria; o que tratamos de conseguir é a automatización do seu uso en Bacharelato, grazas ao repaso e á práctica continua que se fai delas ao longo das unidades didácticas.

Polo que respecta á produción oral, en Bacharelato os interlocutores/as continúan sendo –como na ESO– profesores/as, compañeiros/as e falantes da lingua inglesa. Os alumnos/as participan en conversacións nas que hai que narrar, describir, informar e transmitir ideas e opinións de xeito claro e ordenado, utilizando estratexias de comunicación e compensación que aprenderon na ESO, e tamén repasan, amplían e profundan nas funcións comunicativas da lingua estudadas en cursos precedentes. Ademais, a secuenciación dos contidos fonéticos –interrelacionada co resto de contidos do curso–, facilita a corrección dos erros de pronuncia máis comúns entre os alumnos/as.

En canto á produción escrita, a complexidade acharase non só na extensión e os conceptos expresados, senón tamén nas habilidades comunicativas utilizadas. Por tanto, en Bacharelato os textos terán un carácter cada vez máis complexo, aínda que sempre dentro da realidade persoal e académica do alumnado. As producións incluírán desde cartas ou correos electrónicos informais ou formais até textos narrativos, de opinión, argumentativos, informativos e descritivos ou biografías.

Os alumnos/as deberán progresar na utilización das estruturas gramaticais, mostrando así un grao de madurez sintáctica maior que na ESO. Esta madurez leva aparellado o uso correcto dalgunhas oracións subordinadas e marcadores do discurso, a ampliación do léxico receptivo e produtivo e o desenvolvemento de procesos de autocorrección.

No referente á lectura comprensiva e autónoma de textos de temática xeral e/ou adecuados aos seus intereses, o alumnado utilizará técnicas de aprendizaxe que desenvolvan a súa autonomía na lectura comprensiva e no uso dos procedementos adquiridos de modo sistemático. Os tipos de texto máis usuais son artigos de revistas, textos informativos, narrativos e culturais, extractos de libros, poemas e historias breves. As estratexias de lectura centradas en desenvolver a súa autonomía, tales como a utilización de dicionarios (seleccionar o adecuado, detectar e buscar as palabras esenciais para a comprensión, identificar a acepción apropiada, etc.), o uso de gramáticas e libros de referencia, e o uso de recursos lingüísticos tales como a formación de palabras, as categorías gramaticais, a identificación de *false friends*, sinónimos, etc., requiren unha práctica sistemática para alcanzar a automatización no desenvolvemento da lectura comprensiva. Os textos iranse especializando aos poucos, con temas de interese e actividades de dificultade adecuada ao seu nivel, co obxectivo de fomentar nos alumnos/as o aprecio da lectura como fonte de información, pracer, lecer e acceso a outras culturas e formas de vida, e fomentar unha actitude receptiva e respectuosa, á vez que crítica, ante a información que transmiten os devanditos textos.

A reflexión sobre o funcionamento do sistema lingüístico non só é importante no noso método como elemento facilitador da aprendizaxe, senón tamén como elemento imprescindible para a autocorrección. Deste xeito, foméntase a competencia comunicativa, a través de textos orais e escritos, e a reflexión sobre a competencia lingüística propiamente dita, mediante unha serie de estratexias de aprendizaxe autónoma para que o alumno/a as poida automatizar coa práctica. Para iso, o uso destas estratexias, en todas as seccións que compoñen as unidades, fomentan a reflexión de modo organizado e gradual na súa aprendizaxe da lingua inglesa.

A actitude do alumno/a ante a aprendizaxe da lingua estranxeira é esencial para que recoñeza e aprecie o valor comunicativo da mesma e a súa propia capacidade de aprender. A reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe inclúen a consideración da finalidade que para cada estudante ten, base fundamental para que recoñeza a súa capacidade persoal de aprender e progresar, e para que adopte as destrezas de estudo necesarias que poderá utilizar ao longo da súa vida.

Para o desenvolvemento do proceso de autoavaliación, é de grande utilidade o material que, baseado nos principios do Portfolio Europeo das Linguas para Secundaria, desenvolveu a editorial e que anima a reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe. Este material ofrece a posibilidade de volver sobre cada un dos apartados de cada unidade e, de modo reflexivo, plasmar o seu grao de consecución en cada un deles. Poden tamén tomar decisións sobre o que deben facer para mellorar naquelas destrezas onde a aprendizaxe estea a ser máis deficitaria.

Por suposto, o alumnado debe ser consciente da importancia que ten o inglés nas relacións internacionais, unha realidade que eles verán patente no panorama social e laboral actual e a cuxa comprensión contribuímos desde a nosa área.

A utilización sistemática de estratexias de autonomía é a finalidade a longo prazo que se busca na aprendizaxe de calquera materia educativa. Con todo, cada materia require o seu proceso e uns procedementos propios, que irán desde os máis básicos até os máis complexos.

As estratexias son elementos cruciais para a aprendizaxe e é necesario utilizalas constantemente até chegar á súa total automatización, sen necesidade de reflexión. Por iso, primeiro identificamos as necesidades da aprendizaxe e despois, en consonancia con elas, seleccionamos as actividades, os materiais e os modos de traballo apropiados para alcanzar o obxectivo específico que nos propoñemos.

As estratexias de aprendizaxe tamén van encamiñadas a mellorar o desenvolvemento dos procesos mentais necesarios para realizar as actividades. Estas son as que desenvolvemos en cada destreza comunicativa:

- *Reading* (comprensión escrita): predición do contido do texto a partir do título, subtítulo e ilustracións; lectura da primeira oración de cada parágrafo para atopar a idea central; identificación da finalidade do texto (informar, entreter, etc.); procura de información específica (scanning); identificación das palabras clave nun texto; inferencia de significados non explícitos (ler entre liñas); dedución do significado das palabras polo contexto.
- *Listening* (comprensión oral): comprensión de enunciados; anticipación de contidos; atención selectiva; identificación de información específica; inferencia de significados; toma de notas; seguimento de instrucións; identificación do tema principal; secuenciación de información; recoñecemento da pronuncia; distinción de diferentes matices de significado segundo o ritmo e a entoación; audición comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con distintos acentos, etc.
- *Speaking* (producción oral): estratexias de elaboración que facilitan a interacción na aula, tales como organizar as ideas antes de falar e basear a exposición oral nun guión que dea mostras de claridade e estrutura lóxica; estratexias de compensación, clarificación e comprobación; estratexias para a práctica como a repetición, a imitación, a aplicación de regras, etc.; estratexias de autocorrección como a identificación de problemas e a súa solución, buscando sempre mellorar a pronuncia, o ritmo e a entoación nas producións orais.
- *Writing* (expresión escrita): á marxe das estratexias comentadas no apartado anterior, inclúense tamén as de transferencia, elaboración e autocorrección; o desenvolvemento da imaxinación e a creatividade, e a procura da información en diversas fontes. O alumno/a deberá atender tanto ao proceso de escritura coma ao produto, tendo en conta as características propias do tipo de texto, utilizando o rexistro idóneo, os marcadores do discurso e os signos de puntuación adecuados, ordenando frases e parágrafos en textos coherentes mediante o uso de adxectivos, adverbios, expresións temporais, conxuncións e conectores, e respectando á vez a estrutura dos mesmos.

Por outra banda, o *bloque 5: coñecemento da lingua e consciencia intercultural*, incorpora unha referencia expresa ao **plurilingüismo** e á **interculturalidade**. Estes dous conceptos fan referencia, por un lado, ao feito de que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística e, por outro, ás actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar. Segundo isto, fomentárase, por un lado, a reflexión sobre a lingua e a comparación entre linguas, favorecendo a transferencia dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos noutras linguas para abordar a aprendizaxe do inglés e viceversa. Por outro lado, dado que cada lingua expresa e representa unha cultura, buscaranse similitudes e diferenzas entre a cultura propia e a estranxeira. Este diálogo cultural reforza a identidade propia, favorece a aceptación da diversidade e o respecto polos demais e os seus dereitos.

3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

3.1. MATERIAIS CURRICULARES

CURSO	LIBRO DE TEXTO	EDITORIAL
1ºESO	ONTRACK1 Digital Book e Workbook	Oxford University Press
2º ESO	ONTRACK 2 Digital Book e Workbook	Oxford University Press
3ºESO	ONTRACK 3, Digital Book e Workbook	Oxford University Press
4º ESO	ONTRACK 4, Digital Book e Workbook	Oxford University Press
1º BAC	Make the Grade 1, Sudent's Book	Burlington Books
2ºBAC	Make the Grade 2, Sudent's Book	Burlington Books
Ciclo Medio Adm.	Business Results, Elementary Student's	Oxford University Press
Ciclo Sup. Adm.	Business Result, Pre-intermediate.	Oxford University Press
FP Básica 1º e 2º Administrativo	Business Result, Starter	Oxford University Press

CURSO	LIBRO DE TEXTO	EDITORIAL
FP Básica 1º e 2º Automoción	Basic English for the Automobile Industry	Educalia
ESA 1,2	English for Adults 1	Burlington Books
ESA 3,4	English for Adults 2	Burlington Books
1º Ciclo Medio Dual Electricidad	Powered Up	Educalia
CUALE B1	New English File, Preintermediate	Oxford

3.2. OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS

O centro dispón de encerado dixital e un ordenador en todas as aulas. Todo este equipamento informático permítenos o acceso a moitos outros recursos:

- Todas as aulas contan co libro de texto en versión dixital, que inclúe vídeos, audios, presentacións de gramática, xogos... O alumnado de Bacharelato e ESO disporá do seu libro de texto en soporte dixital, para poder traballar desde casa, de ser necesario.
- A plataforma Cisco Webex estará tamén dispoñible para clases online (en caso de ser necesarias).
- profesorado deberá ter a súa disposición, xa desde o inicio do curso, direccións de correo e teléfonos de contacto de cada grupo.
- Utilización da Aula Virtual como soporte de material de reforzo e do espazo Abalar.
- Utilizárase material audiovisual e textos da rede, non so (ou non necesariamente) o libro de texto, ben de páxinas web de divulgación ou ben de páxinas de recursos para a aula de inglés, como por exemplo:

<http://onestopenglish.org>

<http://englishbanana.org>

<http://linghuahouse.com>

<http://moviesegmentstoassessgrammargoals.blogspot.com.es/>

<http://film-english.com>

<https://www.youtube.com/user/realenglish1/videos>

<https://burlingtonbooks.com>

- Utilizárase tamén material elaborado polos profesores: fichas de traballo, teoría gramatical, guías de writing, presentacións power point, drive, kahoot, webquests...

- Os alumnos visitarán páxinas web interactivas para practicar gramática ou as destrezas, e desenvolver a súa autonomía, como por exemplo:

<http://www.englishpage.com/>
<http://agendaweb.org>
<http://learnenglish.britishcouncil.org/>
<http://bbc.co.uk>
<http://esl.lab.com>
<http://manythings.org>

- departamento de inglés conta con outro **material multimedia**: películas, música, CDs con actividades de listening, libros dixitais ...
- Dicionarios bilingües e monolingües, así como dicionarios online (<http://www.wordreference.com/> , <http://www.linguee.es/>)
- A/O profesor/a tamén utilizará todo tipo de **realia**, é dicir, de obxectos reais tales como billetes de tren o autobús, cartas de restaurantes, moedas inglesas de curso legal, folletos turísticos, etc. como axuda para dar máis realismo ás situacións comunicativas recreadas na aula.
- seminario conta con **xogos** que serven para practicar distintos contidos e **flashcards** para a presentación e revisión de vocabulario.
- **Readers** (libros de lectura) de todos os niveis dos que todos os alumnos poden facer uso a través do servizo de préstamo da **biblioteca**. Aparte dos libros de lectura obrigatoria, os alumnos len voluntariamente e fan traballos creativos sobre a súa lectura.

3.3. AUXILIARES DE CONVERSA

No presente curso académico a auxiliar asignada é que compartirá horario co IES Francisco Aguiar.

4. OBXECTIVOS

4.1. ESO

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan

discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- c) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- d) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- e) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- f) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.2. BACHARELATO

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- e) e) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- f) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- g) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

5. AS COMPETENCIAS CLAVE

5.1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

- 1) Comunicación lingüística (CCL)
- 2) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- 3) Competencia dixital (CD)
- 4) Aprender a aprender (CAA)
- 5) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

É o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de maneira individual ou colectiva.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia débese atender ao cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- ✓ O **compoñente lingüístico** comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.
- ✓ O **compoñente pragmático-discursivo** contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as ti comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- ✓ O **compoñente socio-cultural** inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- ✓ O **compoñente estratéxico** permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, escóitaa e a conversación, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

- ✓ Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe un **compoñente persoal** que intervéñ na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida. Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sustentabilidade do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas á capacidade crítica e visión razoada e razoable das persoas. A iso contribúen a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

- ✓ A **competencia matemática** implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas.

- ✓ As **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, a contrastación de ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resulta necesario abordar os saberes ou coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía, os cales se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas

3. Competencia dixital (CD)

É aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nunha contorna dixital.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar: A información, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas.

4. Aprender a aprender (CAA)

É fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender, e en segundo lugar, o fomento da organización e a xestión da aprendizaxe.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia de aprender a aprender requírese dunha reflexión que favoreza un coñecemento dos procesos mentais aos que se entregan as persoas cando aprenden, un coñecemento sobre os propios procesos de aprendizaxe, así como o desenvolvemento da destreza de regular e controlar a propia aprendizaxe que leva a cabo.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade –entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa–, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

- ✓ A **competencia social** relaciónase co benestar persoal e colectivo.
- ✓ A **competencia cívica** baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, así como do seu formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

Adquirir estas competencias supón ser capaz de pórse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros; é dicir, axuntar o individual e o social, o privado e o público en pos de solucións construtivas dos conflitos e problemas da sociedade democrática.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor resulta necesario abordar:

- ✓ A capacidade creadora e de innovación.
- ✓ A capacidade pro-activa para xestionar proxectos.

- ✓ A capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza.
- ✓ As calidades de liderado e traballo individual e en equipo.
- ✓ Sentido crítico e da responsabilidade.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar:

- ✓ O coñecemento, estudo e comprensión dos distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións do patrimonio cultural e artístico.
- ✓ A aprendizaxe das técnicas e recursos das diferentes linguaxes artísticas.
- ✓ A capacidade de percibir, comprender e enriquecerse coas producións do mundo da arte e da cultura.
- ✓ A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos.
- ✓ O interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais.
- ✓ A promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade.
 - ✓ O desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina como requisitos necesarios para a creación de calquera produción artística de calidade, así como habilidades de cooperación que permitan a realización de traballos colectivos.

6. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

- A **avaliación será continua, sistemática e formativa**, e levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, os obxectivos, as competencias clave, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. Consideraranse os hábitos, destrezas e aptitudes do alumno no seu proceso de comprensión, expresión e creación, o mesmo que a súa participación activa na clase.
- A **avaliación será formativa, flexible e funcional** en canto que será un instrumento para a mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe. O profesor levará a cabo unha recollida constante de datos que lle permitirá coñecer o progreso do alumno e as súas carencias para, deste xeito, avaliar tamén a súa propia actuación e a programación de aula, levando a cabo todos os cambios necesarios que aseguren resultados positivos.
- No proceso da **avaliación continua**, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, o profesor/a poderá revisar e modificar as estratexias de actuación na aula, programar medidas concretas de **reforzo** para aqueles alumnos que presenten dificultades e, de ser necesario, determinar accións titoriais que sirvan para colaborar coas súas familias.

O Resultado da avaliación de lingua inglesa reflectirá o proceso da **avaliación continua** levado a cabo durante todo o trimestre ou curso e segundo os criterios expostos nesta programación. Que a avaliación sexa continua implica que en cada avaliación se terán en conta os contidos vistos ata ese momento. A avaliación continua tamén implica que todo o que o profesor propón como actividade dentro e fora da aula será obxecto de avaliación, non limitándose esta a un exame tradicional. A nota final incluirá polo tanto un compoñente de progreso, factor especialmente motivador. Se un alumno/a que ten un nivel baixo ve como progresa e que o seu esforzo é tido en conta sentirase máis motivado. Isto faise aínda máis patente nas clases moi heteroxéneas

6.1. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

6.1.1. Ao principio de cada curso realizarase unha avaliación inicial ou diagnóstica, especificada máis adiante, para coñecer o nivel real de cada alumno nas distintas destrezas.

6.1.2. O procedemento de avaliación desenvolverase mediante :

OBSERVACIÓN

Durante o traballo na aula observarase a **actitude** dos alumnos cara á materia. Máis adiante detállanse os aspectos que se valorarán.

PROBAS

Cada trimestre farase como mínimo unha **proba de expresión e comprensión escrita (writing and reading)** e de **comprensión e expresión oral** (listening and speaking), e unha proba de “use of English” (coñecemento das estruturas gramaticais e o vocabulario traballados.

PROBAS	ESA FP BÁSICA / CICLOS MEDIO / SUPERIOR
LISTENING:Comprensión Oral	20%
SPEAKING: Producción oral	20%
READING: Comprensión escrita	20%
WRITING: Expresión escrita	20%
USE OF ENGLISH: grammar, vocabulary	20%

PROBAS	ESO 1º BAC
LISTENING:Comprensión Oral	20%
SPEAKING: Producción, Coproducción , Mediación Oral	20%
READING: Comprensión escrita	20%
WRITING: Producción e Mediación escrita	20%
Contidos sintáctico-discursivos	20%

PROBAS	2º BAC
A proba de 2º Bac constará das seguintes partes:	
<ul style="list-style-type: none"> • Reading Comprehension Exercise • Vocabulary Exercise (Find Synonyms in the text) • Phonetics Exercise • Grammar Exercise • Writing Exercise • Listening Exercise 	

PRODUCCIÓN

Serán tamén obxecto de avaliación todas aquelas **tarefas**, actividades, redaccións, ensaios, gravacións de audio ou vídeo, pequenas investigacións, etc. que o profesor propón con carácter obrigatorio para realizar fóra da aula ou dentro dela. Consideramos que conforman o **portfolio** de traballo do alumno.

6.1.3. Todos os alumnos deberán amosar interese pola materia de inglés durante todo o curso, sendo motivo de avaliación negativa os seguintes casos:

- se se considera que o alumno abandona a materia, é dicir, deixa de colaborar na clase, de realizar as tarefas encomendadas polo profesor, de traballar unha destreza, de realizar os exames cun mínimo de competencia (non pode deixar o exame "en branco").
- se non se presenta aos exames sen unha "xustificación documentada", xa sexan os exames ordinarios realizados durante o curso como os extraordinarios e ós exames para os alumnos coa materia pendente.
- Se copia durante os exames. Neste caso deberá realizar unha proba final en xuño para poder optar a unha cualificación positiva.

6.1.4. Procedemento para obter a nota media final na convocatoria de xuño

- A avaliación será continua e progresiva e teranse en conta todos os materiais avaliados durante as tres avaliacións.
- Para obter a nota media final farase a media aritmética das tres avaliacións .
- O aprobado obtense cando a nota media das 3 avaliacións é igual ou superior a 5.

() Se utilizará o método do redondeo da nota acadada á unidade, é dicir se a primeira cifra decimal é 5 ou maior, debemos pasar á unidade seguinte. Polo tanto, se o alumno acada un 4,5, a súa nota será 5.*

(Esta aproximación na nota final faise a partir das notas aritméticas, con decimais, obtidas en cada avaliación e non con a redondeada que figura nos boletíns.)

Se a nota media das tres avaliacións fose menor de 5 e tivera aprobada a terceira avaliación, considerase que aproba a materia.

Coa terceira avaliación suspensa é posible aprobar, sempre que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a un 5.

d)Se despois de aplicar os apartados a,b,c deste procedemento, o alumno acada unha avaliación negativa, terá dereito á realización dunha avaliación final

1. A proba final constará das seguintes partes en todos os grupos (agás 2º BAC) :

- Comprensión oral (listening exercise)
- Comprensión escrita (Reading comprehension exercise)
- Producción oral (production, interaction or mediation exercise)
- Producción escrita (production or mediation exercise)
- Contidos sintáctico discursivos

2. Se un alumno ten algunha das partes aprobadas, pódese manter a nota desta parte ou darlle a oportunidade de melloralala nesta proba final.

3. En 2º BAC a proba será como as realizadas ao longo do curso e constará das seguintes partes

- Reading Comprehension Exercise
- Vocabulary Exercise (Find Synonyms in the text)
- Phonetics Exercise
- Grammar Exercise
- Writing Exercise
- Listening Exercise

6.1.5. Convocatoria Extraordinaria de Xuño (BACHARELATO e FP BÁSICA)

1) A proba constará de 5 partes como as realizadas ao longo do curso

- Comprensión oral (listening exercise)
- Comprensión escrita (Reading comprehension exercise)
- Producción oral (production, interaction or mediation exercise)
- Producción escrita (production or mediation exercise)
- Contidos sintáctico-discursivos

2) En 2º BAC as probas seguirán o modelo realizado ao longo do curso.

3) FP Básica : contémplase a programación na súa plataforma.

4)O aprobado obtense cando a nota do exame é igual ou superior a 5.

*(*Se utilizará o método do redondeo da nota acadada á unidade, é dicir se a primeira cifra decimal é 5 ou maior, debemos pasar á unidade seguinte. Polo tanto, se o alumno acada un 4'5, a súa nota será 5.*

6.2. INSTRUMENTOS DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA CICLO MEDIO E CICLO SUPERIOR				
<i>Procedementos</i>	<i>Instrumentos de Avaliación</i>	<i>Estándares asociados as competencias</i>	<i>Porcentaxe sobre a cualificación</i>	<i>Exemplos de materiais avaliábles</i>
Observación	Fichas de observación Diario de observación	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CL • CAA 	5%	Actitude en clase cara a aprendizaxe: Disposición para comunicarse en inglés, Participación , Ter o material, Esfuerzo no traballo na aula .
Probas	Probas escritas Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> • CL • CCEL 	80%	Exames escritos (reading and writing) Exames orais (listening and speaking)
Produccións	Rúbricas de Proxectos Rúbricas de Produccións	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CM • CD • CAA • CSL • CCEC 	15%	Proxectos Proxecto individual ou colaborativo ,Tarefa integrada, Traballo de investigación ,Presentación.... Traballos: Actividade recollida na clase ou enviada para casa ,Lecturas voluntarias. Redaccións Actividades de mediación e Interacción READER: traballo ou proxecto sobre o libro de lectura

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 2º BACHARELATO (ORDINARIO e ADULTOS)				
Procedementos	Instrumentos de Avaliación	competencias	Porcentaxe sobre a cualificación	Contidos avaliábles
Observación	Fichas de observación Diario de observación Rúbricas	<ul style="list-style-type: none"> ● CSC ● CL ● CAA 	5%	BLOQUE 2: PLURILINGÜÍSMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1,CA2.2,CA2.3) Actitude en clase cara a aprendizaxe, Disposición para comunicarse en inglés, Participación , etc
Probas	Probas escritas Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> ● CL ● CCEL 	80%	BLOQUE 1: COMUNICACIÓN 1. COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3) Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta,preguntas de identificación de sinónimos, , palabras que conteñen determinados fonemas, reescribir frases cunha estrutura diferente, etc 2. PRODUCCIÓN e MEDIACIÓN ESCRITA(CA1.5 + CA1.6) (CA1.9) Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección de tarefas de produción ou mediación escrita
Produccións	Rúbricas de Proxectos Rúbricas de Produccións	<ul style="list-style-type: none"> ● CCL ● CM ● CD ● CAA ● CSL ● CCEC 	15%	BLOQUE 1:Producción, Coproducción e Mediación oral BLOQUE 3 : Interculturalidade Proxectos Proxecto individual ou colaborativo ,Tarefa integrada, Traballo de investigación ,Presentación.... Traballos: Actividade recollida na clase ou enviada para casa ,Lecturas voluntarias. Redaccións

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 1º BACHARELATO (ORDINARIO E ADULTOS),				
<i>Procedementos</i>	<i>Instrumentos de Avaliación</i>	<i>competencias</i>	<i>Porcentaxe sobre a cualificación</i>	<i>Contidos avaliábles</i>
Observación	Fichas de observación Diario de observación	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CL • CAA 	5%	Bloque 2 :Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe (Actitude en clase cara a aprendizaxe: Disposición para comunicarse en inglés, Participación , etc)
Probas	Probas escritas Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> • CL • CCEL 	80% (1º Bac Adultos) 90% (1º Bac ordinario)	Bloque 1: comprensión, produción, mediación escrita comprensión, coprodución, interacción, mediación oral Contidos sintáctico-discursivos
Produccións	Rúbricas de Proxectos Rúbricas de Producións	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CM • CD • CAA • CSL • CCEC 	15% (1º Bac Adultos) 5% (1º Bac ordinario)	Bloque 3: Interculturalidade a través de Proxectos Proxecto individual ou colaborativo ,Tarefa integrada, Traballo de investigación ,Presentación... Traballos: Actividade recollida na clase ou enviada para casa ,Lecturas voluntarias. Redaccións

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA ESO				
<i>Procedementos</i>	<i>Instrumentos de Avaliación</i>	<i>Estándares asociados as competencias</i>	<i>Porcentaxe sobre a cualificación</i>	<i>Contidos avaliábles</i>
Observación	Fichas de observación Diario de observación	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CL • CAA 	10%	<p>Bloque 2 : Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe que se verá reflectido en:</p> <p>Notas de clase e Notas de libreta : Caderno de clase (completo, corrixido, ben presentado)</p> <p>Actitude en clase cara a aprendizaxe: Disposición para comunicarse en inglés, participación , Ter o material, Esfuerzo no traballo na aula</p>
Probas	Probas escritas Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> • CL • CCEL 	<p><u>1º, 2º ESO</u> 70%</p> <p><u>3ºPDC</u> 70%</p> <p><u>3º ESO, 4º ESO</u> 80%</p>	<p>Bloque 1: Comunicación</p> <p>comprensión, produción, mediación escrita</p> <p>comprensión, produción,interacción, mediación oral</p> <p>Contidos sintáctico-discursivos</p>
Producións	Rúbricas de Proxectos Rúbricas de Producións	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CM • CD • CAA • CSL • CCEC 	<p><u>1º, 2º ESO</u> 20 %</p> <p><u>3ºPDC</u> 20 %</p> <p><u>3º ESO, 4º ESO</u> 10%</p>	<p>Bloque 3 : Interculturalidade que se verá reflectida en</p> <p>Proxectos Proxecto individual ou colaborativo ,Tarefa integrada, Traballo de investigación ,Presentación....</p> <p>Traballos: Actividade recollida na clase ou enviada para casa ,Lecturas voluntarias</p> <p>Redaccións</p>

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA FP BÁSICA

Procedementos	Instrumentos de Avaliación	Estándares asociados as competencias	Porcentaxe sobre a cualificación	Exemplos de materiais avaliáveis
Observación	Fichas de observación Diario de observación	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CL • CAA 	10%	<p>Notas de clase e Notas de libreta : Caderno de clase (completo, corrixido, ben presentado)</p> <p>Actitude en clase cara a aprendizaxe: Disposición para comunicarse en inglés, Participación , Ter o material, Esfuerzo no traballo na aula</p>
Probas	Probas escritas Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> • CL • CCEL 	80%	<p>Exames escritos (reading and writing)</p> <p>Exames orais (listening and speaking)</p>
Producións	Rúbricas de Proxectos Rúbricas de Producións	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CM • CD • CAA • CSL • CCEC 	10%	<p>Proxectos Proxecto individual ou colaborativo ,Tarefa integrada,Traballo de investigación ,Presentación....</p> <p>Traballos: Actividade recollida na clase ou enviada para casa ,Lecturas voluntarias</p> <p>Redaccións</p> <p>Actividades de mediación e Interacción</p> <p>READER: traballo ou proxecto sobre un libro de lectura</p>

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA ESA				
<i>Procedementos</i>	<i>Instrumentos de Avaliación</i>	<i>Estándares asociados as competencias</i>	<i>Porcentaxe sobre a cualificación</i>	<i>Exemplos de materiais avaliábeis</i>
Observación	Fichas de observación Diario de observación	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CL • CAA 	20%	<p>Notas de clase e Notas de libreta : Caderno de clase (completo, corrixido, ben presentado)</p> <p>Actitude en clase cara a aprendizaxe: Disposición para comunicarse en inglés, Participación , Ter o material, Esfuerzo no traballo na aula</p>
Probas	Probas escritas Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> • CL • CCEL 	60%	<p>Exames escritos (reading and writing)</p> <p>Exames orais (listening and speaking)</p>
Producións	Rúbricas de Proxectos Rúbricas de Producións	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CM • CD • CAA • CSL • CCEC 	20%	<p>Proxectos Proxecto individual ou colaborativo ,Tarefa integrada, Traballo de investigación ,Presentación....</p> <p>Traballos: Actividade recollida na clase ou enviada para casa ,Lecturas voluntarias</p> <p>Redaccións</p> <p>READER: traballo ou proxecto sobre un libro de lectura</p>

7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

- Se un/unha alumno/a ten o inglés como materia pendente dalgún curso anterior, esta será contabilizada, a efectos de promoción e/ou titulación, como unha materia máis. A avaliación da materia pendente de cursos anteriores realizarase tras o seguimento individualizado de cada alumno. **Este seguimento realizarao a/o profesor/a que lle imparte clase no curso actual, o/a cal lle proporcionará actividades para conseguir a mellora da súa competencia.**
- As probas constarán do mesmo tipo de actividades que o alumno realizou no curso anterior e realiza no curso actual. Os obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación serán os mesmos que establecemos para cada curso. O material a traballar (libro de texto e outros materiais didácticos) será o mesmo que se ten decidido para cada un dos cursos pola vía ordinaria.

Criterios de avaliación: Aprobarán a materia pendente os alumnos que se encontren en algún dos seguintes supostos:

- a) O alumno aprobou a 1ª ou 2ª avaliación do nivel actual.
- b) Se non superou a 1ª ou 2ª avaliación do nivel actual, o alumno deberá superar a materia pendente realizando unha proba e entregando o material de reforzo solicitado no que se baseará dita proba final.
- c) No caso de alumnos de Ciclo medio e Ciclo Superior coa materia pendente, daráselles a oportunidade de facer dúas probas, xa que non cursan a materia no 2º curso do ciclo.
- d) O alumnado de PDC supera a materia pendente dentro do ámbito, según a orde deste programa.
- e) O alumnado de FP básica, supera a materia pendente se supera as avaliacións do nivel actual. Se non as supera, realizará a proba final de pendentes.

Criterios de cualificación:

- a) Proba de pendentes e realización de traballos
 - 20% traballo, 80% exame (ESO, BAC, CICLO MEDIO/SUPERIOR)
- b) Cualificación obtida na avaliación superada no nivel actual. (100%)

Procedementos e instrumentos de avaliación

1. Procedementos:

- ✓ Entrega de traballo de recuperación da materia pendente.
- ✓ Probas

2. Instrumentos:

- ✓ **Probas**
- ✓ Rúbrica de avaliación de traballos
- ✓ Observación

<i>Procedementos</i>	<i>Instrumentos de Avaliación</i>	<i>Estándares asociados a</i>	<i>Porcentaxe sobre a cualificación</i>	<i>Exemplos de materiais avaliábles</i>
Probas	Probas escritas Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> • CL • CCEL 	ESO , BAC, CICLOS MED./SUP. (80%)	Exames escritos Exames orais
Producións	Rúbricas de Proxectos Rúbricas de Producións	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CM • CD • CAA • CSL • CCEC 	ESO,BAC,CICLOS MED./SUP. (20%)	Proxectos Traballos Redaccións

8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao inicio do curso académico, o profesor avaliará ao alumno en canto aos seus coñecementos lingüísticos previos, a súa actitude e os seus intereses, o seu estilo de aprendizaxe (as súas estratexias, o tempo que necesita para cada tarefa, a súa organización, a súa autonomía, etc.), o seu xeito de relacionarse, as súas necesidades, é dicir, todas as súas características persoais para determinar como será a intervención pedagóxica.

Esta avaliación inicial levarase a cabo utilizando calquera dos distintos instrumentos citados nos procedementos de avaliación:

- Observación na clase, especialmente da produción e comprensión oral (listening e speaking)
- Proba de diagnóstico para avaliar os coñecementos previos. Esta proba constará dos 5 bloques habituais nas probas do resto do curso.
- Producións individuais ou en grupo

Segundo o resultado das probas tomaranse medidas de Adaptación Curricular, reforzo, revisión ou ampliación a nivel individual e medidas de revisión ou de adaptación da programación a nivel colectivo.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada alumno e cada alumna é distinto dos demais. Os seus coñecementos, ideas e crenzas previas son distintos; tamén o son as súas capacidades, os seus ritmos de desenvolvemento e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe. Se queremos que todos aprendan non podemos pensar que todos saben o mesmo, adquiren as mesmas capacidades, teñen os mesmos intereses ou a mesma maneira de aprender nin igual nivel de motivación.

Atendendo a estas características, os profesores do departamento de inglés tomarán **medidas de atención personalizada** nos seguintes casos:

- para os alumnos que teñan o inglés pendente de superar do curso anterior.
- para alumnos que non promocionaron e repiten curso.
- para alumnos con necesidades educativas especiais (TDAH, Asperger, autismo, discapacidade intelectual...) ou con problemas de conducta.
- Para alumnos con desfase curricular ou problemas de comunicación por proceder do estranxeiro.
- para todo o alumnado que, a través da avaliación continua, demostra que non progresa adecuadamente.
- para todos aqueles alumnos que nun momento dado presenten unha dificultade de aprendizaxe.
- Para alumnos que amosen unha alta competencia na lingua inglesa e necesiten tarefas que supoñan un avance na aprendizaxe da lingua. Neste grupo engadírase aqueles alumnos procedentes de países anglofalantes.

Cando as dificultades de aprendizaxe sexan graves pódense adoptar outras medidas, como o reforzo educativo ou as adaptacións curriculares.

O obxectivo das propostas de atención á diversidade que se indican a continuación é ter presente tanto aos alumnos/as que presentan dificultades como aos que amosan grande facilidade para a aprendizaxe e necesitan novos retos. A atención á diversidade facilítase a través de:

1. Materiais curriculares
 - actividades opcionais de extensión e revisión.
 - material complementario para afianzar e ampliar os contidos presentados previamente.
 - actividades destinadas, principalmente, para aqueles alumnos aos que lles costa seguir o ritmo da clase.
 - actividades para alumnos máis avantaxados que acaban as actividades antes que o resto da clase.
 - Actividades de autocorrección en páxinas web
 - Páxinas web con vídeos e actividades para revisar.

Medidas ordinarias e extraordinarias

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. <ul style="list-style-type: none"> a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. b) Espazos diferenciados. c) Materiais e recursos didácticos diferenciados. • Desdoblamento de grupos. • Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. • Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. • Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. • Programa específico para alumnado repetidor da materia. • Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL. • De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). • De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro). • Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións curriculares na materia. • De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia. • Alumnado con flexibilización na escolarización. • Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.

10. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Ó longo do curso, o profesorado estará a disposición das familias para informarlles da evolución do alumnado e , sobre todo dos problemas que podan xurdir durante o proceso de aprendizaxe. Isto farase a través dos titores dos grupos o, cando sexa necesario, durante as horas de atención a pais/nais dos distintos membros do departamento. Así mesmo, os profesores poderán mostrar aos alumnos e pais/nais/titores as probas realizadas e explicarlles con detalle os erros cometidos, as carencias, as melloras e todo aquilo que poda levar a beneficio do alumnado.

11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

11.1. PLAN LECTOR

A materia de lingua inglesa está directamente relacionada co fomento da lectura posto que, ao tratarse da aprendizaxe dunha lingua, a competencia lectora e o desenvolvemento de estratexias para acadala é un dos seus obxectivos básicos.

A través do libro de texto, da internet, xornais, revistas e outros recursos e soportes os alumnos entrarán en contacto con todo tipo de textos: cartas, mensaxes electrónicas, receitas de cociña, instrucións, tiras cómicas, novelas, folletos turísticos, anuncios, horarios, menús, extractos de obras literarias, artigos de periódicos, revistas e publicacións na rede, letras de cancións...

As estratexias de comprensión lectora non son exclusivas dunha lingua, polo que serán traballadas nas actividades ordinarias da aula nas distintas materias. Algunhas destas estratexias implicadas na competencia lectora que se traballarán nas clases de inglés son:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información específica (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partires do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

A lectura pode non ser só libros, senón outros materiais. Ademais dos libros, o profesorado terá a liberdade de elixir outros soportes polos que o alumnado traballe a lectura: textos independentes (fotocopias, etc.), recursos de internet, cancións, carteis, etc. Todos eles poderán ser obxecto de exame e avaliación para traballar a destreza lectora.

Aparte da lectura de todo tipo de textos na aula, o departamento de inglés vai desenvolver outras actividades de fomento da lectura:

Libros de lectura (*reader*).

Os alumnos poden utilizar lecturas graduadas en inglés, material que pode utilizar para realizar un traballo ou demostrar a lectura e comprensión da obra. O obxectivo é que esta lectura sexa individual e autónoma e se realice fóra ou dentro da aula. Para que as lecturas se adapten ao nivel real do alumnado, e tendo en conta que as diferencias de nivel poden ser considerables non só entre un grupo e outro, senón dentro da mesma aula. O profesor pode recomendar e escoller unha mesma obra por grupo (se o nivel interno do grupo é homoxéneo) ou escoller varias obras por grupo, con niveis algo diverxentes, para que, ou ben o alumnado escolla (aportando así o ingrediente da decisión propia para a lectura), ou ben o profesor asigne diferentes lecturas segundo os niveis do alumnado.

Textos en soporte dixital

O profesor vai proporcionar actividades e proxectos aos alumnos para que fagan uso de páxinas web en inglés. Esta páxinas son unha fonte moi importante de inglés "auténtico" (non

simplificado para facilitar a aprendizaxe), proporcionan temas afíns aos intereses dos alumnos e tarefas moi motivadoras para eles.

Cine e televisión

O texto fílmico e a súa linguaxe cinematográfica tamén se traballan nas aulas de inglés, con visionado, análise de filmes

Música e textos orais

A comprensión oral traballase dende as aulas non so con distintos tipos de textos orais (de internet, de películas, TV...) se non tamén coa música, que engade un elemento motivador.

11.2. AS TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

O Departamento de inglés seguirá a incorporar as TIC na súa actividade: no proceso de ensino-aprendizaxe, na relación entre os membros do departamento e co resto do profesorado, no contacto con centros do exterior, etc.

O feito de que todas as aulas contén cun ordenador, un proxector e un encerado dixital facilita e incentiva o fomento das TIC nas clases de inglés. As aulas de 1º e 2º de ESO son aulas do proxecto ABALAR, así que contan asemade con ordenadores para cada alumno, polo que o uso das TIC forma parte da actividade diaria das clases de inglés.

1. Obxectivos:

- a. Fomentar a procura de información na rede e facilitar ao alumnado as ferramentas para facelo.
- b. Educar no espírito crítico para seleccionar a información útil e a superflua.
- c. Reforzar as comunicacións entre alumnado do centro, e con alumnado doutros centros.
- d. Fomentar a participación en foros de opinión de carácter virtual.
- e. Ensinar a alumnos e profesores a utilizar as ferramentas TIC como medio de comunicación, formación e información rápidas e dinámicas
- f. Integrar soportes variados no proceso de ensino-aprendizaxe (imaxe+texto+son+...).
- g. Fomentar o uso da internet como mecanismo de viaxe a outras culturas e realidades, e como medio para romper as barreiras dos prexuizos cara a temas de diversa índole.
- h. Reforzar o uso das TIC como ferramenta útil para o futuro laboral do alumnado.
- i. Uso da internet como fonte inesgotable de recursos en lingua inglesa.

2. Recursos.

1. Aulas ABALAR (con encerado dixital, ordenadores para cada alumno e un espazo virtual para traballar) en 1º de ESO e en 2º de ESO. O uso dos ordenadores individuais fomenta a autonomía do alumnado para aprender e desenvolve a súa competencia para buscar e procesar información.
2. Ordenadores e proxectores en todas as aulas que se utilizan a diario nas clases de inglés: aparte do libro de texto dixital, tanto profesores como alumnos utilizan presentacións en distintos formatos (power point, prezi, drive...) videos, páxinas web, películas, fotos e imaxes...

3. Tipos de actividades.

- Webquests ou pequenos traballos de investigación (visita virtual a Londres; rastreo na web sobre Shakespeare e a súa época; a historia da lingua inglesa en imaxes; os países de fala inglesa, etc.)
- Exposicións orais utilizando presentacións con Powerpoint, google drive, prezi... especialmente para as sesións de conversación.
- Utilización de imaxes ou montaxes de imaxes ou de video para ambientar os role plays e diálogos realizados na clase de conversación.
- Nas aulas ABALAR os alumnos/as utilizan páxinas web en inglés para a elaboración de proxectos e actividades.. A elaboración destes proxectos integran as catro destrezas: reading, writing, listening e speaking, así como o tratamento e proceso da información. Os alumnos buscan información e utilizan o editor de textos ou power point, etc para a súa presentación ao profesor e ao resto da clase
- Visionado de fragmentos de películas en versión orixinal con subtítulos en inglés. Visionado de distintos tipos de videos ou audicións en inglés a través de internet. Posterior análise ou dobraxe.

Tamén visionado de esceas de películas para revisión de estruturas gramaticais, especialmente dende a páxina web <http://moviesegmentstoassessgrammargoes.blogspot.com.es/>,

- Exercicios "a medida". Tanto nas aulas ABALAR como na aula de informática o profesor/a pode encargar a algúns/algunhas alumnos/as que vaian realizando determinados exercicios; algúns poden ser autocorrectivos e outros requirirán que o/a alumno/a entregue un traballo. Os alumnos poden acceder a distintas páxinas web indicadas polo profesor/a que teñen actividades deseñadas para os distintos niveis. Este tipo de actividades facilitan a atención á diversidade, posto que cada alumno pode ir ao seu propio ritmo. Os exercicios autocorrectivos facilitan a atención á diversidade en grupos numerosos.
- A actualidade entra nas aulas. Proxectando as imaxes das noticias dos periódicos dixitais pódense comentar temas de actualidade relacionados coa materia, debater

sobre conflitos, xulgar e explicitar valores, etc... Na clase de inglés utilízanse periódicos dixitais ou outras fontes de información con texto ou son en lingua inglesa para realizar actividades de comprensión e de expresión oral.

- Elaboración de un Instagram do propio Departamento de Lingua Inglesa.

11.3. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores trabállase dende todas as áreas en xeral e dende o departamento de inglés en particular, posto que o obxectivo xeral da materia é o uso e coñecemento da lingua inglesa e isto pode acadarse dende calquera temática. Polo tanto, nas clases de inglés trataranse os distintos valores no desenvolvemento do currículo e tamén fomentando distintas actitudes ou rexeitando outras no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Trataranse os seguintes aspectos:

1. Educación para a saúde: proxectos sobre alimentación saudable e sobre os deportes que se poden practicar no seu entorno ou no mundo..
2. Educación ambiental: actividades ou tarefas sobre problemas ambientais, as súas causas e solucións, e tamén sobre reciclaxe.
3. Educación para a paz: traballarase a resolución pacífica de conflitos, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto polo outro e o rexeite a calquera forma de violencia.
4. Educación do consumidor: lecturas, debates, vídeos, representacións... para educar no consumo responsable e nos dereitos do consumidor
5. Educación para a igualdade entre os sexos, razas, relixións...a través da investigación sobre a cultura anglosaxona e a busca de similitudes e diferencias coa cultura propia. Tratarase tamén a situación da muller, fomentando o pensamento crítico, a tolerancia e a prevención da violencia de xénero
6. Educación multicultural, a través do estudo das diferencias e semellanzas entre a cultura anglosaxona e a propia, fomentando a tolerancia ante a diferenza e o respecto á diversidade.
7. Educación sexual: abordando de forma natural o tema das relacións persoais en xeral e das sexuais en particular, fundamentalmente a través do cine, series de televisión ou literatura.
8. Educación viaria: a través da interpretación de sinais e carteis, e do coñecemento das cidades e pobos do mundo anglosaxón.

11.4. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A boa convivencia no centro e na aula é fundamental para que o proceso de ensino-aprendizaxe teña éxito. Partindo da premisa de que a convivencia está baseada na tolerancia e o respecto, o departamento de inglés propón:

1. Que o profesorado sexa exemplo de tolerancia e respecto, tanto no trato cos compañeiros como cos alumnos e ante distintas situacións.
2. Garantir un ambiente de respecto mutuo que favoreza o bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, evitando a discriminación por sexo, relixión, raza, nacemento ou calquera outra causa e fomentando a participación e o respecto polas ideas dos outros.
3. Promover a resolución de conflitos a través do diálogo.
4. Intervir ante condutas disruptivas, dialogando, aplicando medidas correctoras e informando ao titor e á xefatura de estudos.
5. Previr posibles casos de acoso escolar facendo un seguimento dos alumnos en canto á súa actitude e ás relacións cos compañeiros, para detectar posibles cambios.
6. Comunicar ou contrastar calquera cambio de conducta co titor, xefe de estudos ou orientadora.

12.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A realización de actividades extraescolares dependerá da situación sanitaria ao longo do curso.

Propónse que se realicen visitas guiadas en inglés pola localidade, coñecendo o seu patrimonio cultural.

Así mesmo, procurarase que o profesor Auxiliar de Conversa poda achegar ao máximo número de alumnado, actividades relacionadas coa cultura do seu país de orixe.

Entrevista en inglés ao Auxiliar de conversa para incluír na revista dixital do centro educativo. Tamén se poderán incluír calquera outro proxecto que sexa elaborado en inglés.

Organizarase unha actividade de elaboración de Postais de Nadal, en coordinación co departamento de E. Plástica.

Sempre que a situación sanitaria o permita, retomarase a actividade de Cine en V.O. O alumnado terá a posibilidade de ir ao cine a ver unha película totalmente en inglés.

O departamento organizará actividades dentro da Semana Cultural.

13.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A presente programación didáctica será obxecto de revisión e avaliación permanente, como parte da avaliación do proceso docente, tendo en conta a súa eficacia para conseguir os obxectivos propostos. As observacións dos membros do departamento de inglés, do propio alumnado, do equipo directivo e doutros membros da comunidade educativa serán a base para unha revisión xeral da programación ao final do curso. Con todo, o seguimento da programación farase en reunión de departamento cando menos unha vez ao mes e cada trimestre se fará unha análise de resultados académicos e as pertinentes propostas de mellora. Se debido a todo isto é necesario facer modificacións puntuais, informarase axeitadamente ao alumnado. Neste

proceso de avaliación da programación avaliaranse todos os seus elementos e valorarase a súa idoneidade ou adecuación segundo os seguintes indicadores de logro:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
3. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
4. Adecuación do sistema de cualificación.
5. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
6. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
8. Adecuación do libro de texto.
9. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
10. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
11. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].
12. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para Bach].
13. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
15. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
16. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
17. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

As posibles modificacións da programación realizadas ao abeiro desta avaliación faranse constar na memoria final do departamento, xunto coas medidas propostas, para ser tidas en conta na programación didáctica do curso seguinte.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA					
Indicadores de logro	Valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.					
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.					
3. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
4. Adecuación do sistema de cualificación.					
5. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
6. Adecuación da secuencia de traballo na aula.					
7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
8. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).					
9. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
10. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.					
11. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].					
12. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só Bach].					
13. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
15. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					
16. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
17. Adecuación dos mecanismos para					

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA					
Indicadores de logro	Valoración				Propostas de mellora
	informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.					
20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					
OBSERVACIÓNS					

14.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO					
Indicadores de logro do proceso de ensino	valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.					
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.					
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.					
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.					
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.					
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.					
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.					
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.					
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.					
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.					
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.					
OBSERVACIÓNS					

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE					
Indicadores de logro da práctica docente	valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.					
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.					
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.					
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.					
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.					
6. Combínase o traballo individual e en equipo.					
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.					
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.					
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.					
10. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.					
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.					
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.					
13. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...					
OBSERVACIÓNS					

15. EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA ADULTOS

15.1. CONTIDOS ESA I, II

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe:

Bloque 1: escoitar, falar e conversar

Nesta etapa dáselle unha importancia relevante á comunicación oral, por iso o primeiro bloque céntrase en potenciar no alumnado a capacidade para interactuar nestas situacións, e incídese na importancia de que o modelo lingüístico de referencia oral proveña dun variado número de falantes, co fin de recoller as variacións e os matices. De aí a forte presenza no currículo do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Bloque 2: Ler e escribir

Este bloque incorpora tamén os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito.

Bloque 3: Coñecemento da lingua

Permite a elaboración dun sistema conceptual cada vez máis complexo acerca do funcionamento da lingua a través da observación das manifestacións orais e escritas da lingua que se está aprendendo e do seu uso en situacións de comunicación. O punto de partida serán as situacións de uso que favorezan a inferencia de regras de funcionamento da lingua que lle permitan ao alumno/a establecer cales elementos da lingua estranxeira se comportan coma nas linguas que coñece e que estratexias lle servirán para progresar na súa aprendizaxe, co fin de adquirir confianza nas súas propias capacidades.

Bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

Os contidos deste bloque contribúen a que o alumnado coñeza costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países onde se fala a lingua estranxeira.

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Audición e comprensión de mensaxes orais breves relacionadas coas actividades da aula: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- Obtención de información específica en textos orais, auténticos ou adaptados, propios das situacións de comunicación traballadas neste nivel.
- Uso de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación.
- Participación en conversacións breves e sinxelas dentro da aula, e en simulacións adecuadas ao nivel dos alumnos/as e relacionadas cos temas tratados neste nivel.
- Emprego de respostas adecuadas ás informacións requiridas polo profesor e polos compañeiros nas actividades da aula.
- Desenvolvemento de estratexias para superar as interrupcións na comunicación, facendo uso de elementos verbais e non verbais para expresarse oralmente en actividades de parella e en grupo: demanda de repetición e aclaración entre outras.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Comprensión de instrucións básicas para a correcta resolución de actividades.
- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes textos, tales como anuncios para buscar unha escola de idiomas, un traballo ou unha casa, un correo electrónico, un diario e varios textos sobre xente famosa, un gran almacén británico e sobre un deporte popular.
- Identificación de aspectos interesantes sobre a cultura británica ou doutros países de fala inglesa nos textos da sección Did You Know? ao final das páxinas de repaso.
- Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita (anuncios e correos electrónicos) e a súa diferenciación da linguaxe oral.
- Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada, por exemplo, contestando preguntas, completando frases, e facendo descrições.
- Interese por coidar a presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Elementos morfolóxicos

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua.

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: os saúdos e as presentacións, os números do 0-100, os obxectos da clase, os países e as nacionalidades, as profesións, os días da semana, a familia, as cores, as partes do corpo, os adxectivos, as mascotas, os cuartos da casa, o mobiliario, os números ordinais, a hora, actividades que expresan rutina, as comidas, os verbos, os meses do ano, e os lugares dunha cidade.
- Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e aos temas tratados no curso.

Estrutura e funcións da lingua

- Saúdos e presentacións. Intercambio de información persoal. To be (unidade 1).
- Intercambio de información persoal. Fórmulas para falar das profesións e dos cuartos da súa casa. Os adxectivos posesivos. A / an, os plurais; this / that / these / those (unidade 2).
- Fórmulas para falar da familia. Descrición de persoas. O verbo have got; os nomes contábeis e non contábeis; some / any; o xenitivo saxón (unidade 3).
- Descricións de persoas e de cousas. A orde das palabras. There is / there are; how much / How many (unidade 4). ☒ Descrición de lugares. Expresión de preferencias. O Present Simple en afirmativa; like + nomes; like + xerundio (unidade 5).
- Expresión de rutinas. Fórmulas para facer suxestións. Os adverbios de frecuencia; o Present Simple en negativa e interrogativa (unidade 6).
- Expresión de habilidade e de posibilidade. Can; as preposicións de tempo (unidade 7).
- Narración de accións que están en transcurso. O Present Continuous (unidade 8).
- Aceptación dos erros propios como algo natural sobre o que reflexionar para avanzar no proceso de aprendizaxe, a través de todas as actividades de autocorrección do texto (comprobacións mediante actividades de audición).

Fonética

- Pronuncia das formas contraídas do verbo to be (unidade 1).
- A acentuación das palabras (unidades 2 e 5). ☒ Pronuncia dos sons /b/ e /v/ (unidade 3).
- A entoación das oracións (unidade 4).
- Pronuncia de grupos consonánticos e vocálicos difíciles (unidade 6).
- Pronuncia das formas can e can't (unidade 7). ☒ Pronuncia da terminación ing (unidade 8).

Reflexión sobre a aprendizaxe:

- Aplicación de estratexias básicas para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
- Uso progresivo de recursos para a aprendizaxe, como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reflexión guiada sobre o uso e o significado das formas gramaticais adecuadas a distintas intencións comunicativas.
- Iniciación en estratexias de autoavaliación e de autocorrección das producións orais e escritas.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva para superalo.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en tarefas e traballos de grupo.
- Confianza e iniciativa para expresarse en público e por escrito.

BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURALS E CONCIENCIA INTERCULTURAL

- Os aspectos socioculturais trátanse de modo intrínseco en todos os textos orais e escritos, así como no apartado *Did You Know?*, no que se presentan datos interesantes sobre a cultura británica e a doutros países de fala inglesa.

15.2. CONTIDOS ESA III, IV

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensinanza e de aprendizaxe:

Bloque 1: escoitar, falar e conversar

Nesta etapa dáselle unha importancia relevante á comunicación oral, por iso o primeiro bloque céntrase en potenciar no alumnado a capacidade para interactuar nestas situacións, e incídese na importancia de que o modelo lingüístico de referencia oral proveña dun variado número de falantes, co fin de recoller as variacións e os matices. De aí a forte presenza no currículo do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Bloque 2: Ler e escribir

Este bloque incorpora tamén os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito.

Bloque 3: Coñecemento da lingua

Permite a elaboración dun sistema conceptual cada vez máis complexo acerca do funcionamento da lingua a través da observación das manifestacións orais e escritas da

lingua que se está aprendendo e do seu uso en situacións de comunicación. O punto de partida serán as situacións de uso que favorezan a inferencia de regras de funcionamento da lingua que lle permitan ao alumno/a establecer cales elementos da lingua estranxeira se comportan coma nas linguas que coñece e que estratexias lle servirán para progresar na súa aprendizaxe, co fin de adquirir confianza nas súas propias capacidades.

Bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

Os contidos deste bloque contribúen a que o alumnado coñeza costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países onde se fala a lingua estranxeira.

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Audición e comprensión de mensaxes emitidas dentro da aula relacionadas coas actividades habituais: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- Obtención de información xeral e específica de textos orais auténticos e adaptados, propios das situacións de comunicación traballadas neste nivel e con apoio de elementos verbais e non verbais.
- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave.
- Produción de textos orais breves e coherentes sobre temas de interese persoal e cunha pronuncia adecuada.
- Participación en conversacións e simulacións dentro da aula, con pronuncia e entoación adecuadas para lograr a comunicación.
- Emprego de respostas adecuadas en situacións de comunicación na aula.
- Desenvolvemento de estratexias de comunicación para superar as interrupcións na comunicación e para iniciar e concluír intercambios comunicativos.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Anticipación do contido antes e durante a lectura de textos sinxelos.
- Comprensión da información xeral e específica en diferentes textos, en soporte papel e dixital, auténticos e adaptados, tales como historias ilustradas con fotografías, diálogos, redaccións, descrições, correos electrónicos, biografías ou anuncios, artigos de revistas e de xornais, etc. sobre diferentes profesións, actividades de tempo libre, as casas Vitorianas, a cidade de Cambridge, as vacacións dunha adolescente, un famoso chef, a zona de Lake District e unha deseñadora de moda.
- Identificación de aspectos interesantes sobre a cultura británica ou doutros países de fala inglesa nos textos da sección Did You Know? ao final das páxinas de repaso.
- Uso de estratexias de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais; utilización dos coñecementos previos sobre o tema; inferencia de significados polo contexto, por elementos visuais, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento e iniciación no uso dalgunhas fórmulas que diferencian a linguaxe escrita (anuncios e correos electrónicos) da linguaxe oral.
- Composición de distintos textos con axuda de modelos tales como as respostas a unhas preguntas, unha descrição das actividades de tempo libre que realizan, unha descrição

dun cuarto, unha narración das cousas que fixeron a semana anterior, plans para un futuro inmediato, consellos para a saúde, un lugar especial, diferentes tipos de roupa, etc. Utilizaranse elementos básicos de cohesión e estratexias elementais no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).

- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Elementos morfolóxicos

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua.

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: profesións, preposicións de lugar, partes do corpo, actividades de tempo libre, enderezos e indicacións, emocións, adxectivos, actividades de vacacións, animais, estacións e tempo atmosférico, medios de transporte, comidas e bebidas, tecnoloxía, deportes, elementos xeográficos, roupa, verbos, etc.
- Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e aos temas tratados no curso.

Estrutura e funcións da lingua

- Uso correcto dos verbos to be e have got. (Unidade de Introducción).
- Saúdos e presentacións intercambiando información persoal. A estrutura like + nome / xerundio; a / an / some / any (unidade 1).
- Fórmulas para falar sobre rutinas e accións habituais e para dar enderezos. O Present Simple e o Present Continuous e as diferenzas de usos entre ambos; os "Stative Verbs" (unidade 2)
- Fórmulas para falar do pasado. O verbo to be en pasado; There was / There were (unidade 3).
- Fórmulas para falar sobre feitos pasados. O Past Simple (unidade 4).
- Predicións e plans. O futuro con will e con be going to, e o Present Continuous con valor de futuro (unidade 5).
- Fórmulas para expresar habilidade, posibilidade e permiso, para falar sobre obrigas e prohibicións e para facer advertencias. Os modais: can / should / must, os posesivos e os pronomes obxecto (unidade 6).
- Fórmulas para falar sobre experiencias pasadas. O Present Perfect Simple (unidade 7).
- Fórmulas para comparar persoas e cousas. Adxectivos de grao comparativo e superlativo; adverbios (unidade 8).

Fonética

- Pronuncia de sons vocálicos e consonánticos que aparecen en palabras cunha escritura parecida ou de especial dificultade. (Unidade 1, 7 e 8)
- Pronuncia das formas de xerundio. (Unidade 2)
- Pronuncia das formas was e were. (Unidade 3)
- Pronuncia das formas dos verbos regulares en pasado. (Unidade 4) ☒ Pronuncia das formas contraídas 'll e won't (unidade 5).
- Pronuncia das formas contraídas can't, mustn't e shouldn't (unidade 6).

Reflexión sobre a aprendizaxe:

- Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
- Uso de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reflexión sobre o uso e o significado das formas gramaticais adecuadas a distintas intencións comunicativas.
- Participación en actividades de avaliación compartida, na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en tarefas e traballos de grupo.
- Confianza e iniciativa para expresarse en público e por escrito.

BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONCIENCIA INTERCULTURAL

- Os aspectos socioculturais trátanse de modo intrínseco en todos os textos orais e escritos, así como no apartado Did You Know?, no que se presentan datos interesantes sobre a cultura británica e a doutros países de fala inglesa.

15.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

NIVEL 1

Modulo 1. Bloque 1

1. Comprender fórmulas básicas de contacto social, como saúdos, despedidas, desculpas e agradecementos, identificando a intención de comunicación e a relación de formalidade entre os interlocutores falantes.

Con este criterio trátase de avaliar o recoñecemento de fórmulas de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns, e aquelas utilizadas para iniciar e terminar o discurso, así como a intención comunicativa dos falantes que as utilizan (agradecer, interesarse por algo ou alguén, desculparse), reaccionando de forma adecuada á situación de comunicación e á intención do emisor ou do interlocutor.

2. Utilizar estratexias de comprensión para superar as limitacións que se atopen na comprensión da mensaxe, mediante claves identificadas no contexto.

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para predicir e facer hipóteses do contido do texto prestando atención aos puntos centrais, deducindo do contexto palabras descoñecidas baseándose nos seus coñecementos do tema e das expectativas predicibles na situación de comunicación, deducindo o significado probable das palabras ou frases que descoñece coa axuda dos coñecementos doutras linguas, de trazos contextuais (ton da voz, expresións faciais, actos explícitos e acenos, que amosan e regulan o comportamento dos individuos), etc.

3. Participar en conversas e en simulacións sobre temas coñecidos ou estudados na aula. Empregar as estratexias axeitadas para facilitar a continuidade da comunicación e producir un discurso comprensible.

Este criterio pretende avaliar a capacidade de comunicarse oralmente en situacións reais ou simuladas sobre temas estudados na aula. Valorarase o uso de estratexias que aseguren a comunicación, como presentar e contestar preguntas, intercambiar ideas e información, e relatar experiencias sobre temas familiares en situacións predicibles. As producións poderán ter incorreccións léxicas, morfosintácticas ou fonéticas que non dificulten a comunicación.

4. Comprender mensaxes breves e sinxelas escritas que conteñan instrucións, indicacións, descripcións e narracións breves, mensaxes, cuestionarios, etc. e información básica referida a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno para seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións. Por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, funcións básicas en páxinas da internet, números, horarios de transportes públicos ou espectáculos, prezos e cantidades, etc.

5. Establecer relacións entre funcións da linguaxe, conceptos gramaticais e expoñentes lingüísticos. Inducir regras de funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de regularidades e aplicar procesos de indución e dedución de forma alternativa.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade de activar as estratexias cognitivas do alumnado adulto para mellorar o coñecemento do código lingüístico con fin de adaptar o que se quere comunicar ao vocabulario e ás estruturas coñecidas.

Modulo 1. Bloque 2

- 1. Establecer contactos sociais moi básicos de xeito intelixible sempre que o interlocutor colabore utilizando un discurso claro e lento e que repita o que non se comprende.**

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para utilizar de maneira espontánea as formas de cortesía máis sinxelas e cotiás relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.

- 2. Empregar as TIC de forma guiada para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais.**

Con este criterio avaliarase a capacidade do alumnado adulto de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe, en actividades habituais da aula e para establecer relacións persoais de forma guiada na lingua estranxeira. As comunicacións versarán sobre temas familiares e próximos á experiencia do alumnado adulto, previamente estudados na aula.

- 3. Comprender a información esencial, e os puntos principais ou detalles relevantes en textos breves, de estrutura sinxela, que conteñan información persoal básica propia e doutras persoas.**

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado para identificar información persoal básica (descrición física, nome, enderezo, teléfono, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) presentada ou solicitada en textos como formularios, fichas, cuestionarios, carnés ou anuncios.

- 4. Completar textos escritos en papel ou soporte dixital en que se solicita información básica sobre a identificación persoal.**

Mediante este criterio avalíase a capacidade do alumnado para cubrir adecuadamente cuestionarios, formularios ou impresos con información persoal básica (nome, nacionalidade, idade, enderezo...).

- 5. Reformular na lingua propia o sentido dun texto en lingua estranxeira, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, coa finalidade de facelo comprensible a interlocutores que descoñecen esa lingua estranxeira.**

Trátase de avaliar a capacidade de mediar entre persoas interlocutoras que non poden entenderse polo descoñecemento da lingua, facendo equivalencia dunha lingua a outra ou dando explicacións do significado do texto.

- 6. Identificar e utilizar algunhas estratexias usadas para progresar na aprendizaxe, de acordo coa experiencia propia do alumnado adulto.**

Este criterio pretende avaliar se o alumnado adulto identifica e utiliza no seu propio proceso de aprendizaxe as estratexias básicas que favorecen a adquisición de coñecementos e habilidades: a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe; o uso de formas diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico; o uso correcto do dicionario e de recursos bibliográficos, informáticos e dixitais para recoller información, ampliar ou revisar aspectos estudados na aula, etc.

Modulo 2. Bloque 1

- 1. Identificar a idea xeral e as secundarias de mensaxes orais sinxelas que procedan de distintos medios audiovisuais ou emitidas cara a cara, sobre temas moi coñecidos para o alumnado adulto.**

Con este criterio avaliarase a comprensión da idea xeral de mensaxes breves e conversas sobre temas próximos ao alumnado adulto, sempre que se emitan cunha pronunciación estándar e facendo uso das estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

- 2. Comprender e dar instrucións e indicacións moi breves e sinxelas se se formulan amodo e articuladas claramente, e reaccionar adecuadamente ante elas, aínda que sexan necesarias repeticións e aclaracións e se teña que recorrer ao uso de estratexias paralingüísticas.**

Trátase de avaliar esencialmente que o alumno adulto é capaz de seguir e dar instrucións moi básicas (como a de ir a un lugar ou comprender avisos básicos).

Valorarase que se fagan preguntas e se dean respostas para asegurar a comunicación. Os intercambios comunicativos poderán presentar algunhas incorreccións sempre que non imposibiliten a comunicación.

- 3. Comunicarse en conversas sinxelas que requiran o intercambio de experiencias persoais e de actividades cotiás e de necesidade inmediata, mediante frases memorizadas, breves e illadas, da linguaxe formal e informal. O alumno ou a alumna farase comprender aínda que realice pausas para buscar as expresións e as palabras menos habituais, sendo capaz de utilizar as estratexias que lle permitan garantir a comunicación.**

Trátase de avaliar a capacidade de formular e responder de maneira intelixible preguntas sinxelas sobre as súas actividades da vida diaria, tempo libre e lecer, relacións humanas e sociais habituais e sobre as condicións atmosféricas. Valorarase a utilización dun repertorio léxico moi elemental pero propio dos distintos temas abordados.

- 4. Formular invitacións e realizar propostas moi sinxelas, reaccionando adecuadamente a elas, se se lle fala a xeito e con claridade, e usando estruturas lingüísticas sinxelas dentro dun repertorio aprendido.**

Con este criterio avaliarase a capacidade do alumnado adulto de ofrecer e rexeitar, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía. Valorarase a utilización adecuada das expresións relativas á expresión do acordo, do desacordo, do interese, da posibilidade e imposibilidade, así como a expresión de números, cantidades, horas e expresións temporais sinxelas relacionadas co presente e co pasado.

- 5. Escribir notas e mensaxes moi breves e sinxelas relativas a necesidades inmediatas.**

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado adulto de escribir textos breves moi sinxelos con información de inmediata necesidade (indicando horas, número, prezo...), empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, e frases e oracións simples e illadas, ou enlazadas con conectores elementais.

Modulo 2. Bloque 2.

- 1. Intervir en conversas e simulacións relacionadas coas experiencias persoais, cos plans e proxectos propios, con progresiva autonomía. Empregaranse estruturas sinxelas, as expresións máis usuais, e unha pronuncia que non impida a comunicación.**

Con este criterio trátase de valorar a capacidade do alumnado adulto para participar en situacións de comunicación oral que impliquen a comprensión e a expresión de mensaxes. Estas conversas poderán ser as habituais de clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo profesor (simulacións, comunicacións mediante as novas TIC, etc.) As mensaxes poderán ser aínda titubeantes, incluír un léxico reducido e conter erros morfosintácticos.

2. Reformular na lingua propia o sentido dun texto en lingua estranxeira, oral ou escrito, sobre temas previamente estudados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen esa lingua.

Con este criterio avalíase a capacidade de mediar entre persoas interlocutoras que non poden entenderse polo descoñecemento da lingua, facendo equivalencia dunha lingua a outra ou dando explicacións do significado do texto.

3. Comprender a información xeral e a específica de textos escritos sinxelos de extensión variada.

O alumnado demostrará a súa comprensión a través dunha tarefa específica.

A través deste criterio avaliarase se o alumnado adulto é capaz de comprender textos escritos (correspondencia, anuncios, folletos de diverso tipo, narracións sinxelas, artigos de revistas, páxinas

web, etc.), aplicando estratexias de lectura. Entre outras, utilizaranse a aplicación de regras de formación de palabras, os coñecementos transferidos das linguas que coñece ou vinculados a outras áreas do currículo das persoas adultas e a inferencia dos significados polo contexto.

4. Escribir a partir dun modelo, correspondencia persoal moi breve e sinxela sobre temas da vida cotiá ou de inmediata necesidade.

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para escribir, en papel ou soporte dixital, notas, cartas persoais, postais, felicitacións e correos electrónicos moi sinxelos e breves, que conteñan información cotiá ou de primeira necesidade. Isto farase a partir de modelos previos, usando as fórmulas máis básicas de saúdo e despedida, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións simples e illadas ben estruturadas e cunha orde lóxica, dentro dun repertorio xa aprendido.

5. Aplicar os coñecementos sobre a lingua estranxeira e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión oral e escrita, e para compoñer e revisar de maneira cada vez máis autónoma os textos propios.

Con este criterio trátase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso estudadas para mellorar a súa comprensión de mensaxes orais en lingua estranxeira, e a composición e revisión de textos

6. Seleccionar exemplos de aspectos sociais, culturais, históricos, xeográficos ou literarios propios dos países onde se fala a lingua estranxeira, mostrando interese por coñecelos.

A través deste criterio preténdese avaliar o coñecemento dos trazos máis importantes e característicos da sociedade, cultura, historia, xeografía e literatura dos países onde se fala a lingua estranxeira, valorando especialmente o respecto intercultural.

NIVEL II

Modulo 3. Bloque 1.

1. **Identificar a idea principal e os detalles relevantes de textos e mensaxes orais sinxelas sobre temas coñecidos e próximos á experiencia do alumnado adulto, emitidos con claridade, cara a cara ou por medios técnicos (radio, televisión, etc.).**

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para seguir instrucións, comprender avisos, diálogos ou exposicións breves sobre temas coñecidos (lecer e tempo libre, preferencias, experiencias persoais, organización da aula) cunha pronunciación estándar utilizando as estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais. Preténdese tamén avaliar que o alumnado é capaz de comprender detalles concretos e relevantes (horas, números, letras, accesos básicos aos lugares públicos...) para o obxectivo comunicativo, relativos a accións, acontecementos e necesidades cotiás en tempos presente e pasado.

2. **Comprender a información xeral e os datos máis relevantes de textos escritos auténticos, de extensión variada e sinxelos, e próximos ao alumnado adulto.**

Mediante este criterio valorarase a capacidade para comprender diferentes tipos de textos escritos sinxelos (narrativos, descritivos, argumentativos) que traten temas de interese xeral, aplicando as estratexias de lectura coñecidas e outras novas, como a identificación do tema por medio de elementos textuais e paratextuais.

3. **Expresarse intelixiblemente e solicitar a colaboración do interlocutor e responder igualmente á petición deste para asegurar a comprensión e o mantemento da comunicación.**

Con este criterio trátase de verificar, en todas as tarefas de interacción oral, que se é capaz de mobilizar recursos lingüísticos, como a utilización de expresións memorizadas fixas para pedir que lle falen a un máis a modo, que lle repitan o que lle dixeron, ou que lle soletreen unha palabra que non se entendeu.

4. **Escribir de forma guiada textos diversos sinxelos e breves, coidando o léxico, as estruturas e os elementos de cohesión e coherencia, para remarcar a relación entre as ideas e facelos comprensibles ao lector.**

Con este criterio preténdese valorar se o alumnado adulto é capaz de comunicarse por escrito facendo uso do rexistro adecuado. Os textos incluírán unha sintaxe simple e facilmente comprensible, un léxico limitado pero apropiado ao contexto, e a ortografía e a puntuación correctas.

5. **Aplicar os coñecementos sobre a lingua estranxeira e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión oral e escrita, e como instrumento de autocorrección e autoavaliación, para compoñer e revisar de maneira cada vez máis autónoma os textos propios.**

Con este criterio trátase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso estudadas para mellorar a súa comprensión de mensaxes orais en lingua estranxeira, e para compoñer e revisar mellor os seus propios textos.

Modulo 3. Bloque 2.

1. **Comprender os puntos principais e os detalles relevantes en mensaxes e anuncios públicos sinxelos, transmitidos por medios técnicos ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información relativa a situacións de necesidade inmediata.**

Mediante este criterio preténdese avaliar que o alumnado é capaz de comprender detalles concretos e relevantes (horas, números, letras, accesos básicos aos lugares públicos...) para o obxectivo comunicativo, relativos a accións, acontecementos e necesidades da vida cotiá.

- 2. Intervir en conversas e simulacións relacionadas coas experiencias persoais, cos plans e proxectos propios, con progresiva autonomía. Empregaranse estruturas sinxelas, as expresións máis usuais, e unha pronunciación que non impida a comunicación.**

Con este criterio trátase de valorar a capacidade do alumnado adulto para participar en situacións de comunicación oral que impliquen a comprensión e a as habituais de clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo profesor (simulacións, comunicacións mediante as novas TIC, etc.) As mensaxes poderán ser aínda titubeantes, incluír un léxico reducido e conter erros morfosintácticos.

- 3. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación dunha maneira cada vez máis autónoma para buscar información, escribir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas.**

Mediante este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado adulto de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicarse e aprender en actividades habituais da aula e para establecer novas relacións persoais. As comunicacións tratarán sobre temas familiares para o alumnado adulto previamente traballados.

- 4. Escribir descrições moi breves e básicas de lugares, obxectos e persoas mediante frases e oracións sinxelas, e co léxico propio da descripción de características físicas e psicolóxicas elementais pero precisas.**

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado adulto para facer descrições elementais sobre lugares e obxectos familiares utilizando un repertorio lingüístico sinxelo pero amplo.

Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos de xeito moi elemental e relacionados con temas cotiáns.

Con este criterio téntase avaliar a capacidade de redactar textos sinxelos e breves sobre acontecementos, actividades, plans e proxectos relativos a asuntos cotiáns ou de interese persoal, usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas cales, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir.

Recoñecer os aspectos culturais máis importantes dos países onde se fala a lingua estranxeira estudada, destacando as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores desa sociedade e valorando positivamente os patróns culturais distintos aos propios.

A través deste criterio valorarase se o alumnado adulto é capaz de identificar nos textos orais e escritos algúns trazos característicos da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira, se os pode describir de maneira sinxela e se amosa respecto por eles.

Modulo 4. Bloque1.

- 1. Identificar a idea principal e os detalles relevantes de textos e mensaxes orais sinxelas sobre temas coñecidos e próximos á experiencia do alumnado adulto, emitidos con claridade, cara a cara, ou por medios técnicos (radio, televisión, etc.).**

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado adulto para comprender mensaxes orais que traten sobre as necesidades materiais e as relacións sociais, sensacións físicas e sentimentos ou opinións das persoas adultas.

- 2. Intervir en conversas sinxelas e en simulacións, usando estratexias adecuadas aos diversos momentos da comunicación: inicio, mantemento e remate. O discurso será comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.**

Con este criterio valorarase a capacidade do alumnado adulto para desenvolverse en conversacións sinxelas con funcións diferentes (establecer relacións, expoñer, narrar e argumentar, describir e dar instrucións).

- 3. Usar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira autónoma con diferentes propósitos: buscar información, escribir textos sinxelos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e establecer relacións persoais orais e escritas.**

Este criterio trata de valorar a capacidade de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicarse e aprender a través das actividades habituais da aula e para establecer relacións persoais tanto orais como escritas.

- 4. Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar e sinxela, que narre e describa acontecementos, sentimentos básicos ou desexos das persoas adultas.**

Con este criterio preténdese verificar a capacidade do alumnado para identificar as formas lingüísticas que expresan a intención de comunicación do remitente, comprender expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado.

- 5. Comprender, de maneira suficiente, correspondencia formal breve para captar as informacións principais que conteña sobre cuestións básicas ou relacionadas co seu traballo.**

Quérese avaliar con este criterio o coñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo ao destinatario, corpo da carta, despedida e sinatura), así como a capacidade de comprender un repertorio básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a solicitude dun traballo, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc., coa axuda dun dicionario.

- 6. Dar información elemental escrita sobre a actividade profesional, a formación, os hábitos e os intereses propios do alumnado adulto.**

Mediante este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado para escribir información básica, como redactar un *curriculum vitae* esquemático, cubrir enquisas e cuestionarios breves, etc., sobre o traballo (profesión, horario, lugar de traballo...), os estudos, os hábitos (condicións de vida, horarios e actividades diarias) e os seus intereses (deportes, música...), dun xeito breve e sinxelo, usando estruturas básicas e aprendidas e utilizando un repertorio léxico moi básico e limitado, pero propio do tema.

Modulo 4. Bloque 2.

- 1. Desenvolverse en situacións de comunicación orais da vida cotiá, reaccionando coa expresión de actitudes e sentimentos de interese, desinterese, contento, satisfacción, decepción, esperanza, preferencia, admiración, sorpresa e tristeza, con expresións sinxelas e habituais, e respectando as normas de cortesía.**

Trátase de avaliar a capacidade do alumnado adulto de expresarse nun rexistro estándar en situacións en que se deban amosar sentimentos ante as persoas implicadas na interacción, utilizando os marcadores lingüísticos de relacións sociais básicas, as normas de cortesía, fórmulas fixas e habituais e logrando a adecuación sociolingüística á situación de comunicación.

- 2. Identificar información relevante en textos narrativos, argumentativos e descritivos, breves e sinxelos; textos que presenten unha secuencia lineal de elementos, publicados en medios de información, e que traten temas moi coñecidos ou relacionados coa súa experiencia e intereses das persoas adultas.**

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado para localizar información específica básica. Por exemplo, nunha entrevista: información sobre o carácter da persoa, o aspecto físico, os gustos; nunha noticia breve ou suceso: o lugar e as persoas implicadas; nunha narración, as liñas xerais do argumento, os personaxes que as levan a cabo, o tempo ou o espazo onde se desenvolven.

- 3. Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias, expoñer plans e presentar proxectos de xeito moi elemental e relacionados con asuntos cotiás e de interese persoal nas distintas áreas temáticas.**

Con este criterio avalíase a capacidade de redactar textos breves e sinxelos sobre actividades, acontecementos de temas cotiás e de interese persoal, empregando os tempos verbais en presente, pasado e futuro, usando unha serie de oracións sinxelas enlazadas con conectores simples.

- 4. Empregar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes seguindo os textos modelo.**

Con este criterio preténdese avaliar, en todas as tarefas de expresión escrita, a capacidade do alumnado para utilizar estratexias que faciliten o proceso de escritura seguindo modelos de textos de características similares: a planificación e o ensaio do texto; a revisión que garanta a corrección tanto ortográfica como na orde das palabras e na presentación do escrito. Tamén se valorará o uso eficaz de materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, as novas tecnoloxías, etc.)

- 5. Aplicar os coñecementos sobre a lingua estranxeira e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión oral e escrita, e para compoñer e revisar de maneira cada vez máis autónoma os textos propios.**

Con este criterio trátase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso estudadas para mellorar a súa comprensión de mensaxes orais en lingua estranxeira, e a composición e revisión de textos.

- 6. Recoñecer os aspectos culturais máis importantes dos países onde se fala a lingua estranxeira estudada, destacando as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores desa sociedade e valorando positivamente os patróns culturais distintos aos propios.**

A través deste criterio valorarase se o alumnado adulto é que de identificar nos textos orais e escritos algúns trazos característicos da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira, se os pode describir de maneira sinxela e se amosa respecto por eles.

15.4. MÍNIMOS ESIXÍBEIS

NIVEL 1 (1º CURSO)

Modulo 1. Bloque 1

- ❖ Produción de mensaxes orais curtas, con estrutura lóxica e con pronuncia que non impida a comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, etc.)
- ❖ Comprensión de instrucións básicas para a resolución de actividades presentadas por escrito.
- ❖ Identificación da grafía, pronunciación, fonema e significado, a partir de modelos escritos, de imaxes, con palabras coñecidas e relacionadas con temas próximos ao alumnado, en situacións contextualizadas, empregando diferentes recursos visuais e informáticos.
- ❖ Na lingua estranxeira, identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no seu uso, como o substantivo, verbo, adxectivo, adverbio ou preposición e conectores básicos de adición, enumeración e ordenación.
- ❖ Uso de estruturas e funcións básicas relacionadas coas situacións cotiás máis predicibles na lingua estranxeira:
saúdos e despedidas, presentacións, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar... ☒ Uso de fórmulas de cortesía axeitadas na lingua estranxeira nos intercambios sociais.

Modulo 1. Bloque 2

- ❖ Identificación e desenvolvemento progresivo de estratexias para superar as interrupcións na comunicación (como, por exemplo, a demanda de repetición e aclaración), facendo uso de elementos verbais e non verbais nas actividades da aula, en parella e en grupo.
- ❖ Produción de mensaxes orais curtas con estrutura lóxica e con pronuncia que non impida a comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, etc.)

Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes tipos de textos sinxelos auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre diversos temas axeitados e relacionados coas áreas temáticas.
- ❖ Reflexión guiada sobre o uso e o significado das formas gramaticais axeitadas a distintas intencións comunicativas: o tempo presente dos verbos.

- ❖ Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas sinxelas e de léxico relativo a contextos concretos e cotiáns.
- ❖ Interese e iniciativa na comunicación con falantes ou aprendices da lingua estranxeira, utilizando soporte papel ou medios dixitais.

Modulo 2. Bloque 1

- ❖ Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: contexto verbal e non verbal e coñecementos previos sobre a situación, así como identificación de palabras clave.
- ❖ Produción de mensaxes orais breves e coherentes sobre temas de interese persoal e cunha pronuncia que non dificulte a comunicación.
- ❖ Comprensión da información xeral e específica en diferentes tipos de textos, en soporte papel e dixital, auténticos e adaptados, sobre asuntos relacionados coas áreas temáticas.
- ❖ Recoñecemento e iniciación no uso dalgunhas fórmulas que diferencian a linguaxe formal e informal nas comunicacións escritas
- ❖ Identificación de elementos morfolóxicos no uso da lingua: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición, etc.
- ❖ Ampliación de expresións comúns, de frases feitas e de léxico apropiado a contextos concretos e cotiáns ☒ Ampliación de fórmulas de cortesía axeitadas nos intercambios sociais.

Modulo 2. Bloque 2.

- ❖ Participación en situacións reais ou simuladas de comunicación (conversas telefónicas, peticións, autopresentacións, identificación de obxectos, lugares ou persoas) en todo tipo de interaccións (parellas, grupos, equipos) dentro da aula, con pronuncia e entoación axeitadas para conseguir a comunicación.
- ❖ Iniciativa para ler de xeito autónomo textos de certa extensión.
- ❖ Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira mediante correspondencia postal ou utilizando medios informáticos: chats, e-mail, etc.
- ❖ Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para ler e transmitir información.
- ❖ Recoñecemento e pronuncia de fonemas de especial dificultade.
- ❖ Recoñecemento e produción de patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

NIVEL II (2º CURSO)

Modulo 3. Bloque 1.

- ❖ Escucha, identificación e comprensión de información xeral e específica de mensaxes sinxelas, de progresiva dificultade, cara a cara ou emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos, pronunciados con lentitude e claridade.

Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua.

- ❖ Participación en conversas e simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos
- ❖ Producción guiada de textos sinxelos e estruturados, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas, e utilizando estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión de borradores) que axuden á reflexión sobre o proceso de escritura.
- ❖ Uso progresivamente autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiáns e temas relacionados coas áreas temáticas.
- ❖ Uso de estruturas e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación na lingua estranxeira
- ❖ Uso apropiado desde o punto de vista sociocultural de fórmulas lingüísticas en situacións concretas de comunicación para expresar matices semánticos como cortesía, acordo, discrepancia, etc.

Modulo 3. Bloque 2.

- ❖ Producción oral de descrições, narracións e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos.
- ❖ Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira.
- ❖ Comprensión de textos propios da vida cotiá
- ❖ Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas individuais ou en grupo.
- ❖ Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira mediante a correspondencia postal ou utilizando medios informáticos: chats, e-mail, etc.
- ❖ Na lingua estranxeira, aplicación de diferentes estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.

- ❖ Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe (dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación) para a aprendizaxe da lingua estranxeira.
- ❖ Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita na lingua estranxeira.
- ❖ Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices da lingua estranxeira utilizando soporte papel ou medios dixitais.

Modulo 4. Bloque 1.

- ❖ escoita, identificación e comprensión do significado xeral e específico de conversas sinxelas sobre temas coñecidos, presentados de forma clara e organizada, co fin de contestar preguntas ou cuestións sobre temas coñecidos.
- ❖ Participación activa en conversas e simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversas fins comunicativas.
- ❖ Presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital, utilizando correctamente a ortografía e os signos de puntuación na lingua estranxeira.
- ❖ Uso de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiáns e temas relacionados coas áreas temáticas de estudo.

Recoñecemento e produción autónoma de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases na lingua estranxeira.

Modulo 4. Bloque 2.

- ❖ Uso de estratexias para desenvolver a comprensión das mensaxes orais: contexto verbal e non verbal, coñecementos previos sobre a situación, identificación das palabras clave e da actitude e intención do falante.
- ❖ Uso autónomo de estratexias de comunicación para iniciar, manter e terminar a interacción na lingua estranxeira.
- ❖ Obtención de información xeral de textos orais auténticos, gravados e en soporte multimedia que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas de conversa habituais.
- ❖ Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe (dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou recursos informáticos).
- ❖ Participación na avaliación da propia aprendizaxe da lingua estranxeira e uso de estratexias de autocorrección

- ❖ Uso apropiado, desde o punto de vista sociocultural, de fórmulas lingüísticas en situacións concretas de comunicación para expresar matices semánticos, como cortesía, acordo ou discrepancia.

16. CUALE B1

Intermedio 1

Comprensión oral

- Comprender as principais ideas de interaccións prolongadas articuladas con claridade, ben estruturadas e en lingua estandar, nas que se traten temas cotians relacionados cos ambitos persoal e profesional.
- Comprender en liñas xerais conferencias e presentacións ben organizadas e expostas con claridade, sobre temas coñecidos e emitidas cunha pronuncia estandar e clara
- Captar as ideas principais e detalles específicos de textos audiovisuais e doutro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos ou de interese persoal, articulados con relativa lentitude e claridade.
- Comprender información técnica sinxela o suficiente para poder seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

Expresión e interacción oral

- Establecer, manter e cerrar adecuadamente contactos sociais e interaccións sinxelas, a cara, sobre temas habituais, de interese persoal e profesional, con eficacia no logro do propósito de comunicación.
- Interaccionar con corrección sociolingüística, certa naturalidade e relativa fluidez, en lingua estandar, expresando de forma básica reaccións, actitudes e sentimentos, e dando instrucións ou solucións sobre temas cotians dos ambitos persoal e profesional.
- Participar espontaneamente en conversacións informais sinxelas e habituais, para realizar xestións e transaccións relativas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns, con obxectivos concretos.
- Intercambiar e contrastar opinións e explicar proxectos sinxelos ou plans, utilizando expresións fixas e estruturas idiomáticas moi frecuentes e un repertorio léxico básico propio do tema da interacción.
- Realizar breves exposicións preparadas, con certa fluidez, mantendo o tema con coherencia e cohesión.
- Solicitar a cooperación do interlocutor para verificar o logro do propósito comunicativo.

Comprensión de lectura

- Identificar e comprender información relevante en material escrito de uso cotiano en lingua estandar e ben estruturado, que non presente excesiva complexidade se non esta relacionado co seu campo de especialización.
- Comprender textos sinxelos sobre acontecementos, sentimentos, argumentos e opinións que traten temas relacionados co seu campo de interese.
- Identificar as partes relevantes dun texto ou de varios en busca de información para realizar unha tarefa específica.
- Comprender instrucións técnicas sinxelas escritas con claridade e presentadas coa axuda de soporte visual.
- Comprender a información xeral e específica de textos auténticos, de extensión variada, sobre temas diversos, coñecidos e sen complexidade, que vehiculen aspectos

socioculturais dos países nos que se fala a lingua obxecto de estudo.

- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión mediante claves linguísticas e non linguísticas.

Expresión e interacción escrita

- Redactar textos sinxelos, coherentes e cohesionados, coidando os aspectos formais e a corrección ortográfica e de puntuación para que sexan comprensibles para o lector.
- Escribir textos breves solicitando información e responder transmitindo información sinxela de carácter inmediato ou sobre temas habituais do ámbito profesional.
- Escribir textos sinxelos -correspondencia, narracións e descrições-, que contengan experiencias, sentimentos e acontecementos expresados con detalle.
- Escribir informes e resúmenes breves en formato convencional para describir cuestións coñecidas do ámbito profesional, dando razóns e exponendo de forma básica opinións, plans e accións.

Intermedio 1

1 Competencias comunicativas

1.1 Competencias lingüísticas

A. CONTIDOS LÉXICOS-SEMÁNTICOS

Sinalanse os aspectos que o alumno debe ser capaz de comprender ou producir dos temas xerais que se indican. O léxico e as estruturas lingüísticas utilizados para desenvolver estes aspectos adecuaranse aos obxectivos do curso intermedio 1.

Os contidos léxico-semánticos deberán adaptarse as realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo.

Estes contidos aparecen secuenciados segundo as unidades do libro de texto Face to FACE pre-intermediate, aínda que moitos deles serán tamen traballados coa axuda de materiais reais, tarefas obtidas doutros libros como Total English pre-intermediate, Framework 2, Pathfinder EOI 2, etc. e as novas tecnoloxías (DVD, Internet, etc)

1º Cuadrimestre:

Unidade 1:

Frases cotias.

O traballo e o lugar de traballo.

Actividades do lecer.

Relacións persoais.

Establecer novas amizades.

O voluntariado

Unidade 2:

Os negocios: a comida rápida.

Relacións persoais: as citas e as relacións de parella.

Os libros e os contos tradicionais.

Unidade 3:

O mundo do traballo: oficios e profesións.

Educación: actividades escolares, nomes de materias, títulos e diplomas.

Saúde, seguridade e riscos laborais.

Unidade 4:

O cine: xéneros cinematográficos.

A música, tipos de música.

A televisión.

Unidade 5:

Ciencia e a tecnoloxía.

Actividades de lecer: turismo espacial e actividades para o retiro.

O transporte

2º cuadrimestre:

Unidade 6:

Relacións humanas e sociais: a diferenza de pensamento entre xeracións diferentes.

A familia, tipos de relacións persoais (de parentesco, de amizade, de traballo, etc.)

Unidade 7:

As vacacións: planificación de vacacións, viaxes e transportes.

Comunicación con empregados de locais para o aloxamento.

Estudos no estranxeiro

Unidade 8:

As culturas diferentes: os costumes diferentes na interacción con persoas doutras culturas.

O fogar: Tipos de vivenda, descrición da vivenda; Localización da casa (periferia, barrio, medio rural, etc.)

Describir unha cidade; partes da mesma e características principais.

Revisión do vocabulario básico sobre os problemas ambientais.

Unidade 9:

Problemas diarios /frecuentes: saúde, cartos, etc.

Posibles problemas no teu vecindario: transporte, contaminación.

Posibles acontecementos no futuro.

Adxectivos para describir sentimentos.

Animais domésticos

Unidade 10:

Compras e actividades comerciais.

A moda: prendas de vestir.

Verbos que se utilizan a menudo na pasiva.

Unidade 11:

As noticias.

Os crimes.

Acontecementos do momento.

As celebridades. O mundo da fama.

Unidade 12:

Os cartos.

Actividades non habituais.

Tomar riscos.

Os espectáculos de maxia.

B.CONTIDOS GRAMATICAIS

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

Revisión de formas verbais en afirmativa e interrogativa.

Preguntas suxeito e obxecto.

Adverbios de frecuencia.

Unidade 2:

Pasado simple e pasado continuo: formas afirmativa, negativa e interrogativa.

Verbos irregulares.

Frases temporais referidas ao pasado.

Conectores (1): adición e contraste.

Unidade 3:

O uso de have to para expresar obriga e ausencia de obriga no presente e no pasado.

Needn't.

O presente continuo e o presente simple.

Verbos que indican actividade e verbos que indican estado.

Unidade 4:

Uso do presente perfecto para expresar experiencias na vida.

Contraste co pasado simple.

Os participios pasados.

Preguntas con ever.

Formación de palabras: sufixos para formar nomes a partir de verbos.

Diferencia entre adxectivos rematados en -ing e adxectivos rematados en -ed.

Unidade 5:

Expresión do futuro: o uso de will, will be able to e might para facer prediccions e be going to e be planning to para falar de intencións e plans futuros.

Ofrecementos con shall I, can I e may I.

Peticions con will you, could you e can you.

Suxerencias con shall we, let's e why don't we.

Verbos seguidos de preposición mais complemento: travel to a place, go on a trip, pay for, etc.

2º cuadrimestre:

Unidade 6:

Grado dos adxetivos: formas comparativas (uso de adverbios como a lot, much, a bit, (not) as... as) e superlativas.

Prefixos negativos dos adxetivos.

Presente continuo.

Tempos pasados.

Posibilidade: will e might.

Vocablos que desaparecen na linguaxe escrita cando o contexto e informal (You going out?)

Unidade 7:

Presente continuo con valor de futuro.

Expresions con 'go + ing' para falar de actividades.

Cuantificadores e frases que expresan cantidade (a bar of, a packet of, a piece of, etc.)

Pronomes posesivos.

Unidade 8:

Presente perfecto con 'for', 'since' e 'how long'.

Modais 'should', 'shouldn't', 'must', 'mustn't'.

Infinitivo de propósito.

Unidade 9:

A primeira condicional.

Oracions de futuro con conxuncions como as son as, before, after, until...

Adxetivos de cantidade como too, too much, enough.

Verbos frasais.

Unidade 10:

O presente e o pasado simple en pasiva.

Used to.

Adxetivos indefinidos (anything, someone...)

O uso do artigo determinado e indeterminado.

Unidade 11:

O uso de presente perfecto cos adverbios just, yet e already

As oracions de relativo.

Unidade 12:

O estilo indirecto.

A segunda condicional

O uso dos conectores propios dunha narracion 'first', 'next', 'then'.

Repaso do pasado simple.

C. CONTIDOS ORTOGRÁFICOS

Veremos estes contidos a traves das tarefas de expresion escrita que se fan o longo do curso. Entre outros, debemos sinalar aqueles que se corresponden coas convencions da fala escrita da lingua inglesa:

Puntuacion con conectores: ';however', ';what's more', etc.

Estruturas tipicas das cartas formais e informais.

Denominacion dos simbolos propios dos emails e as paxinas webs tales como @, etc.

O uso da maiuscula nas nacionalidades, idiomas, etc.

A ortografia de palabras especialmente dificiles.

D. CONTIDOS FONÉTICOS

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

Acento na palabra e na frase.

A pronunciacion dos sons /a/, /ɑ:/, /Æ/ e /ɜ:/.

Unidade 2:

Pronunciacion do sufixo de pasado "-ed".

Formas debiles (1): "was" e "were".

Formas debiles (2): a "schwa"

Unidade 3:

A pronunciacion de have to e have.

O enlace de palabras que rematan en consoante con palabras que comezan con vocal.

A diferenca entre os sons /s/ e /ʃ/.

Unidade 4:

O enlace de palabras no discurso: enlace con /w/, /r/ e /j/.

Unidade 5:

Pronunciacion das formas contractas de will ('ll e won't).

As duas posibles maneiras de pronunciar going to, segundo a formalidade do discurso.

Enlace de sons: /r/, /w/, /j/.

Introduccion ao stress na frase

2º cuadrimestre:

Unidade 6:

Entoación das oracións.

Pronunciación de than coma forma débil.

Non acentuación dos prefixos negativos.

Unidade 7:

Formas débiles (repasso) dos auxiliares, preposicións e conxuncións.

Entoación utilizada para amosar amabilidade e boa disposición.

A pronunciación do son /t/ o final das palabras.

A pronunciación dos sons /Ē/, /əŋ/, /e/ e /eÁ/.

Unidade 8:

Características da fala rápida.

Unidade 9:

Práctica do linking.

Entonación utilizada para amosar interese ou falta de interese.

Pronunciación dos sons finais nos adxectivos acabados en -ed.

Unidade 10:

Pronunciación das diferentes formas de used to.

Unidade 11:

A pronunciación do son /t/ o final das palabras.

O acento na oración.

Pronunciación dos sons /j/, /dʒ/, e /ʒ/.

Unidade 12:

A pronunciación do son /h/ o inicio das palabras

Repasso do fenómeno denominado 'linking' na fala oral.

1.2 COMPETENCIA SOCIOLINGÜÍSTICA

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Para que a comunicación sexa eficaz, o usuario da lingua non só ten que coñecer os recursos disponibles, senón tamén saber utilizalos axeitadamente en cada contexto. Neste sentido, enténdese que a competencia sociolingüística consiste na capacidade do usuario de interpretar e comportarse de forma axeitada en diferentes situacións.

As alumnas e os alumnos deben adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas encontráanse o coñecemento, o discernimento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións sociais, fórmulas de tratamento, saúdos, normas de cortésia, diferenzas de rexistro (formal e informal) e expresións idiomáticas moi frecuentes.

Por outra parte, cada lingua é reflexo da súa realidade social. Polo tanto, os contidos que se enumeran a seguir teñen que ser adaptados a realidade específica da lingua.

Desenvolveranse ao longo dos cursos intermedio 1 e intermedio 2 de acordo cos obxectivos propios de cada un deles.

Convencions sociais: establecemento de contacto (saudo, expresion do interese por alguen), presentacions, dirixirse a alguen, solicitar e conceder permiso, comunicacion telefonica e telematica.

Finalizacion do contacto: despedida, envio de saudos, finalizacion de conversa telefonica, formas de saudo en despedida en cartas.

Mantemento do contacto: desculpa, agradecementos, cumprimentos, felicitacion, condolencia, desexo, brindes.

Expresion axeitada de sentimentos: alegria, entusiasmo, sorpresa, gabanza, etc.; utilización axeitada das exclamacions.

1.3 COMPETENCIAS PRAGMÁTICAS

As competencias pragmaticas refirense ao coñecemento que posue o alumnado dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

a. Contidos funcionais

Os contidos funcionais presentanse nunha listaxe que retoma as funcións previstas para o nivel básico, utilizandoas agora nun abano máis amplo de situacións e recursos e engadindo outras novas propias dun maior contacto coa lingua e cultura obxecto de estudo.

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e formulanse en termos de expresion, pero considerase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

No nivel intermedio 1 desenvolveremos os seguintes contidos dunha forma secuenciada:

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

Falar de actividades cotiás e do lecer.

Estar de acordo e en desacordo.

Redactar unha carta informal.

Identificar e solicitar información mediante preguntas.

Pedir e dar información sobre datos persoais.

Dar información sobre ONGs, e asociacións de voluntariado.

Unidade 2:

Falar do pasado.

Expresar adición e contraste.

Comezar e rematar unha conversa.

Presentarse e presentar outras persoas,

Dirixirse a alguen, saudar e despedirse, usar as formas de tratamento adecuadas.

Redactar un email.

Relacionar datos (causa, consecuencia, finalidade, condicións, etc.)

Unidade 3:

Pedir desculpas, dar razóns e facer promesas.

Aceptar desculpas.

Expresar imposibilidade, posibilidade, obriga ou prohibicion de facer algo.

Advertir do perigo e de riscos, fomentando seguridade e saude.

Unidade 4:

Expresar acordo e desacordo total ou parcial.

Pedir opinions.

Unidade 5:

Ofrecementos, suxerencias e petitions.

Facer prediccions

2º cuadrimestre:

Unidade 6:

Petitions e ofrecementos.

Ao telefono: inicio, presentacion, espera, recado, despedida.

Unidade 7:

Rogos e queixas.

Vontade, intencions.

Pedir e dar informacion sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.

Indicar posesion.

Solicitar e dar informacion sobre cursos ou familias anfitrióna no estranxeiro.

Unidade 8:

Descricion de lugares, da casa e do fogar.

Preguntas feitas para pedir a descricion dalgun lugar.

Consellos.

Conectores que se empregan nas comparacions para mostrar similitude ou diferenca.

Unidade 9:

Expresions para facer invitacions e arranxar situacions, citas, etc.

Encher con pausas ou expresions de dubida mentres se busca o elemento que falta.(fillers)

Estados de animo, emociions e sentimentos: sorpresa, ledicia, magoa, enfado, esperanza,etc.

Suxerir actividades, aceptar ou rexeitar e reaccionar ante suxestions.

Expresar problemas e suxerir solucions.

Unidade 10:

Na tenda (practica de conversacions co vendedor, vocabulario especifico)

Pedir e ofrecer obxectos, servizos e axuda.

Unidade 11:

O uso das preguntas cortas para confirmar que se comprende a informacion recibida (echo questions).

Manifestar comprensión e incomprensión.

Pedirle ao interlocutor confirmación da comprensión.

Describir obxectos.

Amosar interese ou falta de interese en algo.

Indicar onde e cando ocorre algo.

Dar información e expresar opinión sobre a vida pública e privada.

Unidade 12:

Reproducir o discurso doutra persoa.

Reformular e parafrasear.

Expresar desexos para si e para outros

Expresar hipóteses.

Os seguintes usos sociais da lingua desenvólvense o longo de todo o curso académico a través das tarefas orais, conversas, etc que se fan nas aulas:

Control da comunicación:

Solicitar a axuda ao interlocutor para facilitar a comprensión: por exemplo, falar devagar, deletrear, repetir, preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

Reformular, parafrasear, repetir, corrixir, explicar, sinalar, etc.

Encher con pausas ou expresións de dúbida mentres se busca o elemento que falta.

Información xeral:

Responder a preguntas ofrecendo información, confirmando, refutando, dúbido, expresando desconecemento, etc.

Resumir, repetir e transmitir información.

Intercambiar información sobre asuntos cotiáns: actividades, normas, costumes, sucesos.

Conecemento, opinións e valoracións:

Expresar intereses, preferencias e gustos (e contrarios).

Afirmar e negar algo.

Preguntar e expresar conecemento e desconecemento, seguridade e inseguridade.

Expresar reticencias, obxeccións.

Expresar aprobación e satisfacción ou os seus contrarios.

Expresar e contrastar opinións.

Desexos, sensacións e sentimentos: Sentimientos cara a outras persoas: agradecemento, afecto, admiración, etc.

Compartir sentimentos e reaccionar adecuadamente ante eles: acougar, dar azos, expresar condolencia, etc.

Eloxiar, facer cumprimentos e os seus contrarios.

Peticions

Acceder ou rexeitar agradecendo ou xustificando; acceder con reservas ou condicións.

Pedir, conceder e denegar permiso (con ou sen obxeccións).

Dar instrucións, avisos e ordes.

Aconsellar, recomendar e animar a facer algo.

Previr, advertir.

Transmitir unha petición.

Planificar unha actividade.

Invitar. Concertar unha cita.

Organización do discurso:

Dirixirse a alguen.

Iniciar a intervención en situacións formais e informais.

Pedir, tomar e ceder a palabra.

Reaccionar e cooperar na interacción.

Reconocer e adecuarse ao esquema usual da interacción.

Introducir un tema en situacións formais e informais.

Introducir unha secuencia, unha anécdota ou unha opinión.

Enumerar, oponer, exemplificar, aclarar aspectos, cambiar de tema, resumir.

Anunciar o peche do discurso e pechalo.

Relacionar e cohesionar o discurso.

Reconocer e axustarse a estrutura das cartas e dos tipos de mensaxe utilizados.

Utilizar as convencións propias dos textos ou discursos que se manexan.

b. Contidos discursivos

• Coherencia e cohesión

Un enfoque centrado no uso do idioma supón considerar o texto como a unidade mínima de comunicación. Para que un texto teña validez desde o punto de vista comunicativo, debe ser

Departamento de Inglés. Programación didáctica. Curso 2010/2011

40

coherente con respecto ao contexto en que se produce e debe presentar unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. O alumnado deberá adquirir, daquela, as competencias discursivas que lle permitan producir e comprender textos atendendo a súa coherencia e cohesión.

Estes recursos entenderanse tanto para a expresión como para a comprensión.

Coherencia:

Ofrecer información suficiente e relevante para cumprir o propósito comunicativo.

Utilizar a variedade de lingua estándar.

Utilizar o rexistro formal ou informal segundo o requira a situación de comunicación.

Seleccionar con certa precisión o léxico e as estruturas sintácticas pertinentes para acadar o propósito comunicativo segundo o tema que se trate.

Adaptarse as características, a organización básica e ao formato dos textos orais e escritos a que se enfrenta ou que produce, recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar recursos lingüísticos adecuados para garantir a coherencia espazo-temporal.

Cohesión:

Iniciar, desenvolver e rematar textos en diferentes situacións de interacción escrita.

Iniciar, manter e rematar conversas en diferentes situacións de interacción oral.

Tomar, manter e ceder a quenda de palabra en diferentes situacións de interacción oral respectando as regras e as convencións.

Usar os conectores básicos discursivos para iniciar, continuar, engadir, exemplificar e concluir.

Intentar manter a cohesión temática do texto utilizando recursos tales como a correferencia (por exemplo o uso de artigos, pronomes, demostrativos, concordancias), a elipse, as repeticións, etc.

Organizar de xeito sinxelo o discurso de maneira que se distinga o tema principal dos temas secundarios.

Utilizar conectores básicos para expresar relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc.

Reconecer ou utilizar a reformulación como recurso para intentar garantir a comprensión nunha situación de comunicación.

Utilizar os patrones de entoación adecuandoos a situación comunicativa.

Utilizar con certa precisión os recursos básicos de puntuación adecuandoos as regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

• Tipoloxía de textos

A palabra texto está empregada no currículo no sentido amplo e coas características que lle outorga o MECR: "O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso□.

Na seguinte lista coa secuenciación dos tipos de textos que imos traballar aparecen textos de tipo oral e tamén escrito, xa que en moitos casos están relacionados.

1º cuadrimestre:

Unidade 1:

Artigos de prensa e de revistas

Páxinas web.

Textos narrativos.

Entrevistas e enquisas.

Conversas informais.

Cartas informais.

Unidade 2:

Artigos de prensa e revistas.

Textos narrativos, contos.

Conversas informais.

Emails informais.

Unidade 3:

Entrevistas, entrevistas de traballo.

Cartas o director.

Correos electronicos.

Reportaxes.

Dialogos.

Anuncios de traballo, curriculos, cartas de solicitude de emprego.

Unidade 4:

Artigos de prensa.

Paxinas web.

Conversas, entrevistas, cuestionarios.

Programas de TV.

Criticas de cine.

Cartas persoais.

Unidade 5:

Entrevistas.

Conversas.

Textos expositivos.

Probas de opcion multiple.

Panfletos.

Contraste entre cartas formais e informais

2º cuadrimestre:

Unidade 6:

Textos expositivos, argumentativos, descriptivos e narrativos.

Conversas telefonicas.

Telenovelas.

Notas en papel e mensaxes ao mobil.

Unidade 7:

Conversa informal entre amigos planeando unha viaxe.

Textos publicitarios de hoteis.

Catalogos de axencias de viaxes.

Cartas de queixa e características das cartas formais.

Unidade 8:

Descricion de lugares e artigos de viaxe.

Conversas informais entre amigos e familiares.

Textos instrutivos.

Unidade 9:

Cartas.

Correos electronicos de caracter persoal.

Blogs.

Unidade 10:

Artigos cortos tirados de Internet.

Artigos cortos de prensa ou revista.

Cartas a un periodico.

Cuestionarios

Unidade 11:

Correos electronicos e mensaxes cortos de caracter informal.

Noticias; artigos de prensa cortos; titulares de prensa.

Cancions.

Texto narrativo, contar unha historia.

Unidade 12:

Conversa informal.

Artigo de prensa e entrevista na radio sobre un artista.

Un blog e unha colaboracion en Internet.

En Betanzos a 30 de setembro de 2023

Pilar Calvo Adegá

Elena Lagoa Freire

Nuria Bello Piñón

Amelia Huzum

Sara Viqueira Turnes